



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA VINTE E SETE DE XUÑO DE 2024

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 20:00 h. do día 27 de xuño de 2024, ten lugar sesión ordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS” (A.V.)

- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Pablo Cibeira Taboada
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Jaime Rumbo Mosquera.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.

GRUPO MUNICIPAL “POPULAR” (P.P.)

- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D^a Vanessa Domínguez de la Iglesia.
- D. Jaime Cástor Núñez Cartelle.
- D. Pablo Sánchez-Bálgoma Casas.

GRUPO MUNICIPAL “SOCIALISTA” (PSdeG-PSOE)

- D^a M^a Carmen Acuña do Campo.
- D. Jesús Fernández Díez.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- D. Iván Roca Cruz.
- Non asisten:
 - D^a M^a José Varela Neira, concelleira do grupo municipal “Alternativa dos Veciños”.
 - D. Ramón Maceira Giadanes, concelleiro do grupo municipal “Alternativa dos Veciños”.
 - D. Jorge Platas Casal, concelleiro do grupo municipal “Popular”.

Da fe dos acordos tomados, D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor municipal, D. Vicente José Calvo del Castillo.





CONCELLO DE
OLEIROS

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o alcalde a declara aberta.

De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2024003369, de 21 de xuño, que son os seguintes:

- “1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 30 de maio de 2024.
- 2º.- Toma de posesión do concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. Pablo Sánchez-Bálgoma Casas.
- 3º.- Aprobación inicial, se procede, da modificación de crédito 2024/MODOR/000024, de Transferencia de Créditos, entre diferentes áreas de gasto, para a concesión de axudas ás familias para a asistencia a comedores escolares.
- 4º.- Aprobación inicial, se procede, da Ordenanza das Medidas de Inclusión Social (OMIS).
- 5º.- Adopción de acordo en orde á solicitude de subvención á Deputación Provincial da Coruña para a realización da Feira de Olería Tradicional “ALFAROLEIROS”.
- 6º.- Adopción de acordo en orde ó modelo de convenio a subscribir entre as farmacias municipais e o Concello de Oleiros.
- 7º.- Dar conta do informe resume anual de control interno correspondente ó exercicio 2023.
- 8º.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024002740 ata o 2024003362.
- 9º.- Mocións, rogos e preguntas.”

Antes de iniciar a sesión polo alcalde, D. **Ángel García**, sinálase que vai proceder a tomar posesión ó novo concelleiro do grupo “Popular”, D. Pablo Sánchez-Bálgoma Casas, para que xa poida participar na sesión.

Punto 2.- Toma de posesión do concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. Pablo Sánchez-Bálgoma Casas

A toma de posesión ten lugar mediante o xuramento ou promesa polo membro electo do acatamento da Constitución de acordo coa fórmula establecida polo Real Decreto nº 707/1979, de 5 de abril, ademais de terse materializado tódolos tramites necesarios para tomar posesión no seu cargo.

De seguido, o alcalde procede a dar lectura á mesma:

¿Xurades ou prometedes, pola vosa conciencia e honor, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?.

Respondendo o Sr. Sánchez-Bálgoma Casas ‘sí xuro’.

Realizado satisfactoriamente este trámite, adquire plenamente a súa condición de concelleiro e polo tanto membro da Corporación con tódolos dereitos e deberes propios do seu cargo.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 30 de maio de 2024

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo ás actas que se achegaron para aprobar coa convocatoria desta sesión.





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, anunciando novamente o voto en contra do seu grupo á aprobación da acta dado que seguen sen recoller literalmente o que acontece nas sesións plenarias, cando a día de hoxe existen recursos tecnolóxicos para facelo de xeito doado.

Da orde do alcalde, pásase de seguido á votación do asunto, amosándose o resultado de **dezaseis (16) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **dous (02) votos en contra** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”, o Concello Pleno aproba a acta da *sesión plenaria que tivo lugar o día 30 de maio de 2024*.

De seguido o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que a concelleira de servizos sociais e igualdade vai dar lectura a un manifesto do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” e mailo BNG con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBQA+.

Solicita a palabra e intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, anunciando que apoian este manifesto que se lles remitiu hoxe mesmo ó mediodía e solicita que para próximas ocasións estes textos se traten previamente na comisión informativa para dispoñer de máis tempo par estudalo.

Tamén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando que parece que o goberno municipal esqueceuse do Día do Orgullo e cando o seu grupo presentou un manifesto a tratar hoxe neste pleno, lembrouse. Polo que, tarde, mal e arrastro, presentan esta declaración institucional, que van apoiar, aínda que lamentan que non exista ningunha proposta concreta que mellora a vida deste colectivo.

Neste intre o alcalde dá a palabra á concelleira de servizos sociais e igualdade, D^a **Belén Taboada**, quen procede a dar lectura á declaración institucional.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE OLEIROS CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBQA+

Un ano máis desde o Concello de Oleiros queremos conmemorar este 28 de xuño, Día Internacional do Orgullo LGTBQA+.

Sí, o 28 de xuño é un día para a celebración e reivindicación de todos os dereitos acadados ao longo de décadas e décadas de loita colectiva e acción social, loita colectiva e cidadá, sí, porque cada paso e cada dereito tivo que ser pelexado, ninguén regalou nada.

E sí, é innegable que, por mor de xeracións e xeracións de persoas comprometidas, vivimos nunha sociedade máis libre, diversa e igualitaria, onde adolescentes e crianzas están máis preto de vivir como queren facelo, de disfrutar da súa vida con maior liberdade, con menor odio, discriminación, presión social, prexuízos e estereotipos. E cara aí debemos seguir camiñando, sen que ninguén nin nada nos pare.





CONCELLO DE
OLEIROS

Pero este día de celebración e reivindicación, vese empañado polo aumento dos discursos de odio. Os delitos de odio cara as persoas LGTBQA+ aumentaron nun 70% desde 2019, e na actualidade un 23% de todos os delitos de odio teñen que ver coa orientación sexual, a identidade ou a expresión de xénero.

O máis grave de todo é que a violencia cara ás persoas LGTBQA+ lexitímase e seméntase desde moitas das propias institucións públicas e partidos políticos e iso é intolerable! Censuran obras de teatro, películas, publicacións, seccións enteiras en bibliotecas, arrancan bancos coa bandeira, retiran bandeiras de edificios públicos, suspende programas educativos, sementan odio. Basta xa!.

O odio vains atopar de fronte! Os dereitos LGTBQA+ son dereitos humanos e, como tal deben ser tratados.

Porque queren facernos ver que a diversidade é un problema social, cando a diversidade é cultura, é riqueza, é benestar social. Quere afundirnos no gris! E non o van conseguir, porque o progreso social é imparabile, o noso compromiso político e social vai niso. Non nos van calar!.

Sendo conscientes que a única forma de erradicar o odio e os seus discursos é a través da acción social, a colectividade e as redes de apoio mutuo e que a LGTBfobia é unha vulneración dos dereitos de todas e todos, un ataque ao avance social, ao benestar, ao progreso e á igualdade, desde o Concello de Oleiros facemos un chamamento social a continuar na loita contra calquera vulneración dos dereitos humanos, animando a actuar e denunciar ditas violencias. Reafirmamos o noso compromiso na loita e na conquista!.

Porque a igualdade na diversidade constrúese a partir do traballo de toda a sociedade, artellando unha comunidade máis xusta, igualitaria e diversa.

Porque Oleiros é loita.

Oleiros é orgullo.

Oleiros é igualdade.

Oleiros é diversidade.

Oleiros, orgullosamente diverso!.

Punto 3.- Aprobación inicial, se procede, da modificación de crédito 2024/MODOR/000024, de Transferencia de Créditos, entre diferentes áreas de gasto, para a concesión de axudas ás familias para a asistencia a comedores escolares

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **Margarita Figueroa**, explicando que as axudas ás familias para a asistencia a comedores escolares que se viñan tramitando desde o Área de Ensino para o vindeiro curso 2024-25 pasaran a xestionarse polo Departamento de servizos sociais e igualdade, co obxectivo de facilitar e simplificar os tramites principalmente ás familias. Ó inicio do curso escolar xa saben si son beneficiarias e canto terán que pagar en cada caso, polo que a proposta que se achega a esta sesión plenaria é precisamente materializar este cambio e que o importe consignado para este curso na aplicación orzamentaria de Ensino transfírase á aplicación de Asistencia Social-comedores escolares por un importe de 18.000 euros cun prazo de exposición pública de 15 días.

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, anunciando que van votar a favor xa que entenden que se trata dunha simple transferencia de competencias entre concellerías e polo tanto necesario transferir ese orzamento para cubrir esas axudas de comedores escolares que serán tramitadas desde servizos sociais a partir de agora coa colaboración dos datos facilitados polos servizos educativos.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando que saben que neste punto que se somete a votación é a transferencia de crédito do departamento de ensino ao área de servizos sociais e para facer fronte ás axudas ás familias para o comedor, pero o seu grupo vaise abster xa que están en contra da medida que ten decidido o goberno de pasar o comedor escolar dende o ensino ao área de servizos sociais e teñen varias razóns de peso: a primeira é que o grupo municipal “socialista” considera o comedor escolar como un punto máis de aprendizaxe e de ensino dentro da xornada escolar contando cunha grande capacidade integradora, polo que non ven motivo para excluílo ou segregalo de educación; a segunda é que están en contra do sesgo que ó pertencer aos servizos sociais pódelle dar o feito de ser usuario ou usuaria do comedor escolar, posto que os servizos sociais son un sistema de protección social con gran carga asistencial; a terceira por ser un paso facilitador nese camiño que leva a Xunta no Partido Popular de privatizar o público, neste caso os comedores escolares, xa que empezaron sacándoo da xestión dos educadores para pasalos ás ANPAS e agora o Concello lles axuda nesa tarefa de recortar o público sacándoo novamente de ensino e a cuarta e derradeira razón é que cando preguntaron na Comisión Informativa o motivo desta decisión, a resposta que deu o goberno foi contundente: “por operatividade”. Ou sexa que o Concello con esta medida considera e recoñece que a Concellería de Educación non é operativa, facilitando os recortes nos servizos públicos, na educación dos escolares oleirenses. O grupo “socialista” pensa que os cartos que o grupo de goberno vai destinar ao multiusos de Bastiagueiro, podería servir para poñer en marcha un comedor escolar o propio, no que se comeran produtos de Oleiros, que estivera xestionado por traballadores locais e que dera servizo a todos os centros escolares do Concello de Oleiros.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 21 de xuño de 2024, acadándose o resultado de **dezaseis (16) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **dúas (02) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“A concellería de Cultura formula proposta de data 11/06/24 de transferencias de crédito entre distintas aplicación do capítulo 4 de subvencións.

Baséase en que as axudas as familias para a asistencia a comedores escolares que se viñan tramitando ata agora dende o departamento de Ensino, para o vindeiro curso 2024/2025 pasarán a ser xestionadas pola área

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





CONCELLO DE
OLEIROS

de Servizos Sociais. Xa que logo, o importe consignado este ano para o curso 2024/2025 na aplicación 82.3260.48900 Ensino.Serv.complem. Transf. comed. escol., 18.000€, propoñen transferilo á aplicación 70.231.48003 Asist. Social. Comedores escolares.

Por este motivo, propón a aprobación dunha modificación orzamentaria por transferencia de créditos entre as devanditas aplicacións:

DA APLICACIÓN	IMPORTE	RCMOD	Á APLICACIÓN	IMPORTE
82.3260.48900 Ensino. Serv. complem. Transf. comed. escol.	-18.000,00€	202400021985	70.231.48003 Asist. Social. Comedores escolares	+18.000,00€

Por todo o que antecede, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado inicialmente a modificación de crédito 2024/MODOR/000024, de Transferencia de Créditos, entre diferentes áreas de gasto, nas aplicacións orzamentarias que se indican:

DA APLICACIÓN	IMPORTE	RCMOD	Á APLICACIÓN	IMPORTE
82.3260.48900 Ensino. Serv. complem. Transf. comed. escol.	-18.000,00€	202400021985	70.231.48003 Asist. Social. Comedores escolares	+18.000,00€

Segundo.- Dispoñer a apertura dun período de información pública de 15 días hábiles mediante a publicación dun edicto no BOP, de acordo co disposto polo artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, para que se poidan presentar reclamacións.

Terceiro.- No caso de que transcorra o prazo citado sen que se presenten reclamacións, o orzamento quedará aprobado de xeito definitivo e se disporá a publicación do resumo por capítulos nos termos previstos polo artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, e se remitirá copia á Administración xeral do Estado e á Xunta de Galicia.”

Punto 4.- Aprobación inicial, se procede, da Ordenanza das Medidas de Inclusión Social (OMIS)

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **Margarita Figueroa**, explicando que desde o ano 1999 vimos regulando desde o Departamento de Servizos Sociais e igualdade distintos recursos para facer fronte a situacións de vulnerabilidade que non se cobren por ningunha outra administración pública.

A actual ordenanza é do ano 2021 e aínda que é un documento equilibrado, precisa as actualizacións que se incorporan para seguir dando respostas áxiles e dignas coa mesma eficacia e eficiencia ós problemas da veciñanza. Para elo, artellamos unha serie de axudas destinadas a previr e paliar situacións de vulnerabilidade que garantan a inclusión social. Entre elas debemos salientar:

- Unha nova regulación das prestacións de apoio ao comedor escolar unificando na concellería de servizos sociais e igualdade as dúas liñas de axuda que temos actualmente (unha nesta mesma concellería e outra en ensino), asinando coas ANPAS un convenio.
- Introdúcese na bonificación de prezos públicos de actividades municipais a posibilidade de que sexan beneficiarias de dita bonificación os menores que teñan algunha medida de protección ditada pola Xunta de Galicia, atendendo así á especial protección que precisa este importante colectivo.
- Desaparece o programado fondo de axuda europea, xa que o seu acceso está regulado por outras administracións.
- Todos os incrementos son para cada tramo en función dos números de membros da unidade familiar.

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





CONCELLO DE
OLEIROS

- Inclúese un aumento de importe máximo anual das axudas económicas (tamén se incrementan os importes máximos a descontar por aluguer ou hipoteca en 50 euros).
- Incrementan as contías para alimentación e hixiene etc. etc.

É dicir, unha adaptación máis actualizada ás circunstancias que se poidan dar hoxe en día e, en base ao exposto, a proposta que traemos a pleno é a aprobación inicial da ordenanza de medidas pola inclusión social, abrindo un prazo de información pública de 30 días para alegacións ou suxestións que se poidan presentar.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, manifestando a desilusión do seu grupo xa que esta modificación é outra oportunidade perdida para mellorar as axudas e para facilitar a inclusión no Concello de Oleiros que cada día lles parece menos igualitario, e din que é unha oportunidade perdida porque a modificación quedouse nun mero trámite administrativo que soamente serviu para derivar o comedor escolar de Ensino a Servizos Sociais e para engadir os gastos de farmacia, de bonificación nas actividades municipais e para retirar o programa dos Fondos de axuda europea. Na propia ordenanza recóllese que as medidas de inclusión social do Concello de Oleiros son cinco: axudas económicas, apoio na alimentación e na hixiene persoal e doméstica, prestación farmacéutica, prestacións de apoio ao comedor escolar e bonificación nos prezos de actividades municipais. Ao revisar a propia comparativa que recolle a ordenanza, ou sexa o antes e o despois da modificación, compróbase que en canto ás axudas económicas, o goberno vai manter a mesma previsión de gasto no ano 2025 (primeiro ano completo) que o que tiñan para o ano 2022, antes da modificación. Beneficiaron coas axudas a 237 persoas, cunha media de 535 euros por persoa, e no ano 2025 estiman que se beneficiarán 230 persoas, ou sexa 7 menos que percibirán de media 530 euros, ou sexa 5 euros menos, polo tanto non hai melloras con estas axudas. En canto ás axudas para apoio na alimentación e na hixiene persoal e doméstica, comparan o ano 2023 co ano 2025, e hai que dicir que as axudas son exactamente as mesmas, porque si no ano 2023 recibiron axuda 288 persoas, no ano 2025 prevén axudar a 285, 3 menos e as axudas serían de 288 euros, ou sexa 38 euros mais por persoa, non sabendo si con ese incremento a axuda chegará para cubrir a subida do IPC. Pregunta polo tanto ao goberno si pensan que realmente compensa esta modificación. En canto as axudas á farmacia, antes da modificación destinábanse 6.500 euros e agora despois da modificación 5.000 euros, 1.500 euros menos e, no relativo ás axudas ao comedor escolar si hai un incremento dos 50.000 euros no ano 2022 aos 90.000 euros do ano 2025, pero ese incremento resulta de xuntar as aportacións que van facer as dúas concellerías, xa que Servizos Sociais aporta 35.000 euros e Ensino aporta 55.000 euros aínda que non sexa moi operativos. Tamén modifican neste punto a forma de colaborar as familias que o necesitan, reducindo as bonificacións do 100% de 32 a 27 rapaces e incrementan a 173 as bonificacións do 50%, “modo choiva fina” moi do PP, polo tanto van votar en contra desta modificación meramente administrativa, xa que nin medra nin mellora a inclusión social do Concello de Oleiros, lamentando moito esta oportunidade perdida.

Intervén o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, manifestando que o voto do BNG é a favor da modificación da Ordenanza xa que pensa que se adapta ás novas realidades e favorece ás persoas ás que vai

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





CONCELLO DE
OLEIROS

dirixida, actualízanse as contías económicas e introdúcense novidades en beneficio da cidadanía. Tamén recolle as preocupacións do BNG sobre límites e contías económicas que xa comentaran neste pleno, pensan que a proposta que se trae ao Pleno avanza nos dereitos e na situación das persoas mais desfavorecidas.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 21 de xuño de 2024, acadándose o resultado de **dezaseis (16) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **dous (02) votos en contra** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Os Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Oleiros teñen regulado dende fai 25 anos distintas medidas para cubrir as necesidades básicas das familias de Oleiros que se atopan en situación de precariedade económica.

Ao longo destes anos desenvóléronse distintas modificacións co obxectivo de adaptarse tanto ao marco normativo da actividade dos servizos sociais como ás necesidades da poboación a quen van dirixidas, procurando sempre acadar a maior eficiencia posible na xestión das ditas axudas como a facilidade no acceso ás mesmas por parte das persoas que as solicitan.

Se ben a actual ordenanza do ano 2021 amósase como un documento equilibrado, que soubo dar resposta nos últimos anos ás necesidades da poboación veciña de Oleiros, é certo que precisa dalgunhas actualizacións para seguir garantindo a máxima eficacia e eficiencia posibles.

A proposta que se traslada para a súa aprobación recolle as circunstancias do actual marco socioeconómico e que repercuten moi directamente na sociedade, especialmente naquelas familias cunha situación económica máis precaria. En consecuencia é necesario realizar ~~os~~ axustes tanto nos límites para ter acceso ás distintas medidas como nas contías das mesmas.

Tamén se recolle unha nova regulación das prestacións de apoio ao comedor escolar dirixidas ás familias; unificando na concellería de Servizos Sociais e Igualdade as dúas liñas de axudas que había na actualidade, unha nesta mesma concellería e outra a que había na de Cultura, Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude.

Introdúcese, na bonificación dos prezos públicos de actividades municipais recollidas no Título V, a posibilidade de que sexan beneficiarias da dita bonificación as e os menores de idade que teñan algunha medida de protección ditada pola Xunta de Galicia, atendendo á especial vulnerabilidade e protección que precisa este colectivo.

Desaparece nesta nova proposta de ordenanza o programa do Fondo de Axuda Europea para os máis necesitados (FEAD), xa que o seu acceso na actualidade está regulado dende as outras administracións das que depende.

A intencionalidade desta Ordenanza das Medidas de Inclusión Social (OMIS) do Concello de Oleiros é seguir aportando solucións áxiles e dignas ás problemáticas veciñais, dando unha resposta ás necesidades máis básicas, á vez que prever e/ou paliar situacións de vulnerabilidade e garantindo a inclusión social, sen perder a perspectiva de que as ditas medidas son, na maior parte das ocasións, recursos de apoio na intervención que se leva a cabo dende o equipo técnico da concellería de Servizos Sociais e Igualdade.

En base ao exposto, **PROPONSE**

PRIMEIRO.- Aprobado inicialmente a Ordenanza Municipal de Medidas pola Inclusión Social do Concello de Oleiros





CONCELLO DE
OLEIROS

SEGUNDO.- Proceder á apertura dun período de información pública, polo prazo mínimo de trinta días, para que as persoas interesadas poidan presentar as reclamacións e/ou suxestións que estimen oportunas. O acordo de aprobación inicial publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Taboleiro de Anuncios do Concello (integrado na web corporativa).

TERCEIRO.- Rematado o período de información pública, no caso de se presentar reclamacións e/ou suxestións deberán resolverse e, de aprobarse, incorporaranse ó texto as modificacións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde ao Pleno, de conformidade co disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

CUARTO.- No caso de non presentarse reclamacións en relación coa aprobación inicial no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, estendéndose pola secretaría municipal a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial. Dito acordo de aprobación definitiva [expresa ou tácita], co texto íntegro, debe publicarse para o seu Xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.”

Punto 5.- Adopción de acordo en orde á solicitude de subvención á Deputación Provincial da Coruña para a realización da Feira de Olería Tradicional “ALFAROLEIROS”

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **Margarita Figueroa**, explicando que Alfaroileiros cumpre este ano 2024 trinta anos de existencia. Unha feira de olería tradicional de carácter único en Galicia, que se desenvolverá do 7 ao 11 de Agosto e na que participan artesáns tanto de España como de Portugal. Este ano contaremos coa participación de 23 oleiros e 3 ceramistas, seleccionados pola calidade das súas obras que durante 5 días exporán o seu traballo no parque Luis Seoane de Santa Cruz. Todo isto ligado con actividades culturais para todos os públicos, é dicir, unha gran feira dun oficio tradicional que seguen apoiando e, ó mesmo tempo, potenciar a hostalería e tamén o comercio local. Por todo elo, propoñemos solicitar da Deputación provincial da Coruña unha axuda, en concepto de subvención de 40.000 €, que se corresponde co 50,11% do orzamento total que ascende a un total de 79.830 €, finalmente, nomear como representante deste concello para todo os tramites necesarios ante a Deputación á concelleira de cultura, D^a M^a José Santos Zas.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, anunciando que van votar a favor da solicitude das axudas precisas para a celebración da feira de olería tradicional “Alfaroileiros”, que atrae turismo e movemento a Santa Cruz, servindo para o beneficio económico do pobo, do comercio local, así como da hostalería da zona, tendo en conta que o presuposto para a súa celebración xa está contemplado e entendendo que se solicitará calquera outra axuda que sexa compatible con esta e que contribúa a facilitar que se mellore cada ano a feira e os actos que conleve, como obradoiros, talleres e outras actividades.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, manifestando que o grupo socialista vaise abster na proposta na cal o Concello de Oleiros solicita un ano mais a colaboración económica da Deputación para a celebración dunha nova edición da feira de barro de Oleiros. A razón é que aínda que o seu grupo está moi a favor da celebración da feira, tamén está moi en contra do xeito no que o Sr. Alcalde pensa gastar do orzamento destinado a esta celebración xa que o total do orzamento para o ano 2024 é de 79.830 euros, dos cales a Deputación Provincial costeará uns 40.000 euros, ou sexa un pouco mais do 50%. De eses 79.830 euros o grupo de

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





CONCELLO DE
OLEIROS

gobierno vai gastar en publicidade e propaganda na feira, no que chaman difusión, un 22% do orzamento, ou sexa 3 veces mais do que van destinar aos propios alfareiros, que son os artífices da feira, xa que para eles soamente deixan 7.200 euros ou sexa un 9% do total para axuda dos traslados. A feira xa se coñece ben tal e como afirma o grupo de goberno na documentación que aporta aos grupos da oposición e pregunta entón como se explica o elevado gasto en difusión ou é que intentan comprar favores nas prensas, en radio e nos medios de difusión. A feira celébrase dende o ano 1994, por iso necesita –mais que darse a coñecer-, renovarse e reinventarse en cada edición para non caer en mais do mesmo, necesita que cada ano se sumen novos alfareiros chegados doutros lugares e con outras técnicas, algo que non está sucedendo, de aí a súa insistencia en que se revisen o orzamento destinado á feira e destinar os cartos da difusión para traer novos alfareiros e para coidar mais aqueles que repiten a súa visita Oleiros ano tras ano.

Intervén o alcalde, D. **Angel García**, contestando á voceira do grupo municipal “socialista” polo seu descoñecemento sobre a feira. Creouse hai anos por un artista, José M^a Kaydeda e a súa compañeira, foron os que trouxeron a Oleiros a súa colección propia de alfarería para expoñer no Museo dos Oleiros e José M^a foi quen marcou unhas directrices, por exemplo a organización desta feira e que á mesma tiñan que vir os mellores alfareiros do Estado e de Portugal.

Durante moito tempo tanto o propio José M^a coma a súa compañeira, buscaron ós alfareiros e cando finou José M^a foron os compañeiros e compañeiras do goberno municipal quen fixeron ese labor, especialmente Ana Pallares, naquel momento Directora do Museo e a que estaba xestionando, percorrendo lugares buscando alfareiros novos, porque cada ano cambian tres ou catro alfareiros, pero son os históricos os que seguen sendo os mellores alfareiros de España e os que mais pezas venden.

Desde un primeiro intre, os alfareiros viñeron á feira de Oleiros a gastos pagados porque entenderon que son persoas que teñen moitos problemas para vender o seu arte, porque son verdadeiros artistas, existindo moi poucas zonas de España onde poidan exhibir e vender as súas pezas por iso Oleiros buscou un sitio para facelo o que hoxe é Alfaroleiros, a feira máis importante de España, nin sequera as de Avila, Salamanca ou Tordesillas, porque son durante un tempo limitado nunha praza central dun pobo e onde so poden colocar poucas pezas nunhas mesas. Oleiros brindoulles a oportunidade de vir a unha feira singular onde as pezas están asentadas nun solo que hai moitos anos foi unha telleira, unha zona de barro, de alfareiros, un sitio idóneo para o seu desenvolvemento e buscando ese atractivo, conseguiuase tal e como dixo a compañeira do grupo “Popular” que esta feira achegue xente de toda España o que constitúe un orgullo para o goberno municipal, xa que é unha feira coñecida e recoñecida por todos aqueles turistas que andan por Galicia e cando se celebra, si lles coincide, non perden a oportunidade de visitala e os propios alfareiros comentan o incremento de xente de fóra que a visita, algúns incluso preto das zonas deles, de onde teñen os seus alfares.

Tamén achéganse moitos viaxeiros que veñen nos cruceiros que queren visitar a feira porque lles parece un atractivo turístico. É unha feira marabillosa e non como as que se fan agora que reviven outras épocas e a xente





CONCELLO DE
OLEIROS

vai disfrazada, como por exemplo a “feira dos irmandiños” ou as dos vikingos, que algunhas persoas descoñecían o que era un irmandiño ata que se fixo a feira.

Continúa dicindo que esta feira de artesanía, por mor da súa importancia en Galicia, pensou en solicitar á Xunta de Galicia o seu recoñecemento para vender unha imaxe cara ao exterior.

Volvendo ó aludido sobre o pagamento dos desprazamento ós alfareiros, sempre se lles pagou de ida e volta. Nun principio, ata se lles pagaba unha pequena dieta pero como viron que viñan aquí e vendían cantidade de pezas, eliminouse porque gañan máis cartos que en ningunha parte de España, veñen cos vehículos cheos de pezas e vanse baleiros, iso representa unha das cuestións máis importantes para o goberno municipal.

En canto á mención do gasto en publicidade, comenta que pouco é se comparamos coas campañas que tanto o PP coma o PSOE fan a diario na prensa como “...o peixe o hai no mar...” que pouco sentido teñen pero valen moitos cartos. Non se cre ninguén dicir que este goberno municipal quere mercar á prensa, cando todo o mundo sabe que á prensa non lle interesa en absoluto promocionar a este goberno local. Este gasto en prensa da feira é para que todas esas persoas que veñen visitar Galicia, e os propios habitantes de aquí, coñezan que se celebra esta feira singular e puideron constatar que nos últimos anos ven moita xente de fora e sábeno na Deputación porque o deputado responsable de turismo da deputación do BNG, Manolo Regueira, que xa hai varios anos que ven á inauguración díxolle que deberían pedir máis financiamento á deputación porque é unha feira moi recoñecida tanto en Galicia como fóra polo que claro que van poñer todos os medios necesarios a nivel de prensa e publicidade para divulgar e promocionar Alfaroleiros para que cada vez veña máis xente visitala e ó mesmo tempo, quedarse no concello a gastar por exemplo na hostalería oleirense.

esta alcaldía que solicitara mais cartos de subvención porque considera que é máis importante cada ano tanto en Oleiros como fora de Oleiros, en tódolos rincóns de Galicia, que saen en “La Voz de Galicia” como noutros medios que tamén se leen fora de Galicia, e por iso este grupo de goberno actúa deste xeito, xa que ten a feira mais importante de España e hai que divulgala e promocionala e grazas a esta promoción ven mais xente a consumir na hostalería ou xantar nos restaurantes de Oleiros.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, manifestando que é unha mágoa que o alcalde non se dea conta do que falou. Referiuse ó futuro da feira e o alcalde fala do pasado, é lamentable que non entenda que o que se puxo en dúbida é destinar ese 22% á difusión; cando o destino debería ser para ós artífices da feira que son os alfareiros, ós que só se lles destina un 9%, e que como non se renove ou impulse a feira, como non se lle dea outra visión de futuro, pode morrer de éxito. Por certo, a de Buño que está moi preto, non se queda moi atrás en alfarería.

Intervén o alcalde, D. **Angel García**, contestando novamente á voceira do grupo “Socialista” recriminándolle a súa desinformación, dado que ata hai un ano o Concello gastaba 40.000 € e a de Buño nos anos anteriores gastaba





CONCELLO DE OLEIROS

entre 90.000 e 100.000 € nunha feira que non ten demasiada afluencia, que se fai nunha rúa onde pode haber 5 alfareiros, por enriba enfrontados entre eles porque dependendo do goberno municipal de turno favorecen a uns ou a outros. Unha feira na que tres dos cinco alfareiros veñen á de Oleiros os mesmos días que se celebra a feira en Buño, e non veñen todos porque teñen limitado o espazo a 32 postos, polo que o que fan cada ano é cambiar catro alfareiros. Ademais, realízanse melloras e cambios, porque na actualidade abriuse a porta tamén a ceramistas, moi bos por certo, como os de Palencia ou de Portugal. Todo o mundo quere vir á feira por iso dubida que poida chegar a desaparecer tal e como sinalou a voceira do grupo municipal “socialista”.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, preguntando cal é o criterio para ese cambio dos 4 alfareiros cada ano, ao que alcalde, Sr. **García**, contesta que os anos que leven asistindo, por exemplo si un alfareiro leva 20 vido á feira, deixa o seu posto a favor dun que nunca estivo e tendo en conta tamén non perder calidade no cambio, fixándose en aspectos tales como a cocción do barro sexa o mais artesanal posible, talleres para nenos, etc. Os que veñan con alfarería tradicional sempre terán preferencia na feira, son a base da mesma.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 21 de xuño de 2024, acadándose o resultado de **dezaseis (16) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **dúas (02) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Exposición de motivos

No ano 1994 o Concello de Oleiros recibiu a oferta de compra dunha importante colección particular de olería popular española. Esta compilación, propiedade do artista José M^a Kaydeda e a súa dona, Teresa Jorge, estaba composta por unhas 4.500 pezas provenientes de máis de 250 olerías diferentes.

O enfoque monográfico desta colección converxía coa perspectiva do Concello de Oleiros, xa que encaixaba co reforzamento do topónimo da localidade. Así pois, no ano 1995 materializouse a adquisición da colección Kaydeda por parte do Concello, que nese mesmo ano puxo en marcha o *Museo Os Oleiros – José M^a Kaydeda*.

Promocionar o patrimonio da olería tradicional como medio de coñecemento da nosa identidade e como fonte de riqueza cultural e intelectual é un dos obxectivos fundamentais do museo. Para acadar este fin, o Concello de Oleiros traballou activamente no deseño de ferramentas de difusión que facilitasen e atraesen o interese de usuarios e potenciais visitantes. Foi así como se puxo en marcha a Escola Municipal de Olería e a feira de olería popular *Alfaroleiros*.

ALFAROLEIROS

É unha feira de olería tradicional de entidade nacional que comezou a súa andaina en agosto de 1995 e de carácter singular única en Galicia. Nela participan artesáns de distintos puntos da xeografía española e do país irmán Portugal, seleccionados pola calidade das súas obras, que durante 5 días amosan os seus traballos ao público xeral no parque Luis Seoane de Santa Cruz.

Ademais de poder coñecer a produción dos mellores oleiros do país, Alfaroleiros ofrece a posibilidade de ver “artesanía en vivo”, asistindo a diversas demostracións.





CONCELLO DE OLEIROS

Por outra banda, cos anos a feira foi enriquecéndose con todo tipo de actividades culturais (concertos, xogos tradicionais, espectáculos teatrais, etc.) que completan a súa oferta e a fan máis atractiva a todo tipo de públicos. Serve este evento para apoiar un oficio tradicional como é a oleiría e potenciar ao mesmo tempo o uso da hostalería e do comercio existente na zona.

Os documentos necesarios para a solicitude de subvención ante a Deputación Provincial obran no expediente.

Polo exposto e considerando que a Feira de Olería Tradicional “Alfaroleiros”, é unha feira de carácter singular e único na provincia da Coruña que ten ademais un interese público de carácter cultural, social e económico, e que este ano acada a súa XXX edición, ao Pleno do Concello, PROPONSE:

1º.- Solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha subvención por importe 40.000 € (corenta mil euros) para a realización da XXX edición da Feira de Olería Tradicional “Alfaroleiros”.

A cantidade que se solicita corresponde ao 50,11 % por cento do orzamento detallado de gastos que figura no expediente, e que ascende a un total de 79.830 (setenta e nove mil oitocentos trinta) euros.

2º.- Nomear como representante para a solicitude desta subvención e para a sinatura electrónica da mesma, á concelleira delegada de Cultura e Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude, M^a José Santos Zas.

Punto 6.- Adopción de acordo en orde ó modelo de convenio a subscribir entre as farmacias municipais e o Concello de Oleiros

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **Margarita Figueroa**, explicando que na ordenanza polas medidas de inclusión social recóllese a prestación farmacéutica, que ten por obxecto cubrir os gastos de farmacia das persoas que se atopen en situacións de vulnerabilidade e cumpran cos requisitos establecidos na devandita ordenanza.

Esta prestación farmacéutica cubre o copago dos medicamentos e calquera medicación receitada desde a medicina de familia ou especialista que non fose cuberta pola seguridade social. Este convenio pretende facilitar que as persoas beneficiarias poidan acudir a súa farmacia habitual evitando así desprazamentos innecesarios, polo que se contactou coas 12 farmacias municipais para coñecer a súa opinión, as que aceptaron de moi bo grado.

De aí que a proposta que se achega conteña aprobación dun convenio de colaboración entre as oficinas de farmacia e o Concello de Oleiros para a prestación farmacéutica de medidas de inclusión social, aprobando tamén un gasto plurianual de 6.000 €/ano, un total de 24.000 € para os vindeiros 4 anos, de aí que ó ser un gastos plurianual teña que vir a aprobación polo pleno municipal.

Unha vez chegado ó acordo, se lle notificou para que se adherisen ó convenio, aceptando todas polo que mañá, venres, procederase a súa sinatura con todas as farmacias municipais.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, comunicando que o seu grupo está totalmente a favor de que se estenda ao resto das farmacias do Concello para evitar así que os beneficiarios do copago se vexan obrigados a desprazarse a unha localidade concreta. Contribúese así a mellorar o servizo e felicita o feito de que estableceran un acordo con todas as farmacias, bota de menos iso noutros moitos aspectos en canto que ese tipo de acordos se chegasen a materializar tamén cos grupos da oposición.





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, manifestando que o grupo socialista vai votar a favor desta medida, aínda que lles gustaría coñecer a razón da rebaixa no orzamento que propoñen despois da modificación da ordenanza de 6.000 a 5.000 €.

Contesta a esta última apreciación a concelleira delegada de servizos sociais e igualdade do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **Belén Taboada**, clarexando que é unha estimación de gasto para o ano 2025. É certo que dende o COVID foise incrementando de 4.000 a 4.500; de 5.000 a 6.000 € e este ano 6.500 €, pero tamén é certo que se prevé non gastar tanto porque un dos medicamentos máis custosos, que se financiaba con esta axuda, un medicamento similar ao SINTROM, actualmente está a ser financiado pola Seguridade Social.

Neste intre volve intervir a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña** corrixindo á concelleira de servizos sociais e igualdade no senso de que ese medicamento aínda non está financiado pola Seguridade Social, senón que baixou de prezo, contestándolle a nomeada concelleira, D^a **Belén Taboada**, que iso é así pero é que o medicamento pasou de custar 100 a 60 €, polo tanto ese gasto xa non vai ser tan custoso, engadindo que non se preocupe a voceira do grupo municipal socialista polo orzamento do seu departamento porque no caso de que se cheguen a esgotar por algún motivo, sempre vanse incrementar, pero é que para o ano 2025 é unha estimación, porque aínda non se presentou o orzamento.

Volve intervir a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, pondo de manifesto que é lóxico que no seu papel na oposición estea moi preocupada polos recortes en prestacións sociais. Rebaixaron os prezos dos anticoagulantes orais, pero na actualidade apareceron no mercado outros fármacos que son moi caros e que ao mellor hai que atendelos. Deixa constancia que non lle parece serio minorar unha axuda porque se rebaixou o prezo dun medicamento e coméntao no pleno porque é o foro onde se debaten estes asuntos importantes para a veciñanza de Oleiros.

Anuncia o voto a favor do asunto o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 21 de xuño de 2024, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes nesta sesión, é dicir, **dezaioito (18) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Na Ordenanza polas Medidas pola Inclusión Social do Concello de Oleiros recóllese a prestación farmacéutica, que por obxecto cubrir os gastos farmacéuticos das persoas que se atopan en situacións de vulnerabilidade e que cumpran os criterios de acceso na dita ordenanza.





CONCELLO DE OLEIROS

Este Convenio pretende facilitar que as persoas beneficiarias da dita prestación poidan acudir a súa oficina de farmacia de referencia, contribuíndo a unha mellor cobertura das súas necesidades de saúde e co fin de evitar desprazamentos e facilitar o acceso para facer efectiva a prestación.

Contactouse coas 13 oficinas de farmacia do termo municipal para que puidesen facer as achegas que considerasen oportunas.

Tras este proceso trasládase ao Pleno do Concello de Oleiros esta proposta de convenio, xunto coa documentación complementaria necesaria, para ser asinado polas farmacias tras a súa aprobación.

En base ao exposto, PROPONSE:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre as oficinas de farmacia e o concello de oleiros para a prestación farmacéutica das medidas de inclusión social.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto plurianual de 6000€ por un período de catro anos o que fai un total de 24.000€.

TERCEIRO.- Notificar e emprazar as Farmacias, aos efectos de que se adhiran ao Convenio arriba referenciado.”

Punto 7.- Dar conta do informe resume anual de control interno correspondente ó exercicio 2023

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* do informe resume anual de control interno correspondente ó exercicio 2023, emitido polo interventor municipal o día 30 de abril de 2024.

Punto 8.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024002740 ata o 2024003362

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía e das Resolucións dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024002740 ata o nº 2024003362.

Punto 9.- Mocións, rogos e preguntas

- **mocións**

O alcalde D. **Ángel García**, expón que hai tres mocións, dúas do grupo municipal “socialista” e outra do grupo municipal “Mixto”-BNG.

9.1.- Moción do goberno municipal “Socialista” relativa á atención temperá

Procede a dar lectura á moción presentada D^a **M^a Carmen Acuña**, voceira do grupo municipal “Socialista”:

“Exposición de motivos:

O grupo Municipal Socialista presenta esta Moción instando, ao Goberno do Concello de Oleiros, a que asuma as obrigas que ten cos veciños e veciñas de Oleiros, pais e nais de nenos e nenas, con necesidades especiais. Oleiros se ten que implicar XÁ, na ATENCIÓN TEMPERÁ, como por certo, están a facer todos os demais concellos do entorno. O DECRETO 183/2013, do 5 de decembro, creou en Galicia a Rede de atención temperá. Como un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, buscando dar resposta, o antes posible, ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos. Decreto que define tamén os principios reitores da Rede :

- A Universalidade: garantindo o acceso ao servizo de todas as persoas que reúnan os requisitos e condicións establecidas.





CONCELLO DE OLEIROS

- A Igualdade: e dicir, ausencia de calquera discriminación no acceso ao servizo.

- A Responsabilidade pública: inserción dos servizos nos sistemas sanitario, de servizos sociais e educativo, garantidos polo sector público autonómico de Galicia.

E a Descentralización e proximidade: ou sexa, o achegamento do servizo ás persoas destinatarias, entendendo os servizos sociais comunitarios como o primeiro nivel de intervención. Pensamos que o Decreto deixa clara a obriga de facilitar, a través dos servizos públicos, unha actuación transcendente para o progreso deses nenos e nenas. Ademais esa actuación debe facerse dun xeito continuado, flexible e contextualizado, posibilitando unha intervención múltiple dirixida non só aos nenos e as nenas, senón tamén ás súas familias e á comunidade. E nesa actuación unha peza clave pola súa proximidade é sen dúbida o concello. Os servizos públicos teñen o deber de cooperar e a responsabilidade de colaborar, para que cada servizo achegue os medios e os recursos de que dispón no seu nivel, incrementando desta maneira a eficacia e a eficiencia. A comarca da Coruña conta cunha Unidade de Atención Temperá no Hospital Teresa Herrera. Pero ese Servizo ten, a día de hoxe, tanta demanda, tanta carga de traballo, que non dá atendido todas as solicitudes de intervención que lle chegan a través dos Servizos de Pediatría. O que está provocando que nenos e nenas de 0 a 6 anos estean quedando sen atención ou recibindo esa atención moi tarde o que complica o pronóstico do seu problema.

Sabemos, aínda que non estean cuantificados, que en Oleiros hai nenos e nenas, nese rango de idade, con necesidades de apoio que non poden acceder o saturado servizo de atención tempera do sistema público. Ca lóxica desesperación dos seus pais e nais que vense abocados a buscar solucións, fora do sistema. Solucións, pouco accesibles e moi custosas algo claramente inxusto e discriminatorio. Outros concellos limítrofes, incluso algún gobernado por AAVV, conscientes e máis sensibles que Oleiros a este problema, están prestando, dende vai tempo esta atención. Sen comprometer as arcas municipais, pois están utilizando, para elo, achegas públicas que en forma de subvención da Xunta, e financiadas a través de fondos Europeos, existen para a prestación de servizos no marco da Rede Galega de Atención Tempera. Dispoñendo xa de plans de intervencións individuais para esas familias adaptadas as peculiaridades e características de cada caso, de maneira gratuíta para os usuarios e usuarias, axudando a dar solucións e amparo a eses nenos e nenas necesitados de actuacións específicas. Por todo o anteriormente exposto o Grupo Municipal Socialista presenta a para a súa aprobación polo Pleno Municipal, os seguintes ACORDOS, instando ao Concello de Oleiros, a que a maior brevidade posible:

- 1- Solicite, dos distintos centros de estudos do concello, o número de nenos e nenas con sospeita de necesidades educativas de apoio, que teñen escolarizados en cada un deles, para poder cuantificar, adecuadamente, o problema.
- 2- Que poña en marcha os medios necesarios para crear unha unidade de atención tempera, no noso concello, que poda iniciar a prestación de servizos a esas familias o inicio do próximo curso escolar.
- 3- Que, de maneira inmediata, dispoña os trámites necesarios para poder acceder as achegas que a Xunta contempla para a atención temperá, dende os municipios."

Antes da votación da urxencia o alcalde, D. **Ángel García**, salienta que esta é unha competencia da Xunta de Galicia e xa asumen moitas que non deberían asumir e non van prestar máis, insiste en que os concellos non teñen competencia nesta materia polo que non procede o debate e débese pasar directamente á votación da urxencia para tratar ou non a moción presentada.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **sete (07) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal "Socialista; catro (04) do grupo municipal "Popular" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG) e **once (11) votos en contra** (once (11) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños").





CONCELLO DE OLEIROS

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

9.2.- Moción presentada polo grupo municipal “Socialista” relativa a Radio Oleiros

Procede a dar lectura á moción presentada D^a **M^a Carmen Acuña**, voceira do grupo municipal “Socialista”:

“Exposición de motivos

O grupo Municipal Socialista presenta esta moción instando ó goberno do Concello de Oleiros a redactar unha ordenanza que regule as características e funcionamento da Radio Municipal. Radio Oleiros é a emisora municipal que realizou a súa primeira emisión o 25 de xullo de 1980. Sendo polo tanto a máis antiga das emisoras municipais galegas, aínda que nese intre chamábase Radio As Mariñas. Ademais nesa ocasión tan só conseguiu emitir durante uns 70 minutos, ata que a Garda Civil entrou nos estudos e precintou os equipos. En 1987 volveu emitir xa co nome actual e hoxe pódese escoitar en toda a área metropolitana da Coruña, pero analicemos como é hoxe unha radio que naceu cun espírito tan reivindicativo.

Empeza comentando o que un ou unha atópase cando revisa o contido da fonoteca de Radio Oleiros ousexa, cando se mira o que se destaca hoxe da súa historia. No 1995 nesa radio xa se falaba de Alfaroleiros e, ademais foise falando de Arsenio Iglesias, do Profesor Quintanilla, do Cantautor Cubano Santiago Febri, do Dr. Jiménez Herrero, da entrevista que Luis Seijas lle facía a Luis Suarez, de Manolo Rivas, de Paco Vázquezseñores e mais señores pero nin unha soa muller, sería que daquela non había mulleres, pero é que si revisamos a programación actual atopámonos hoxe con títulos tales como “a Mirada do Neno “....e da Nena nin rastro. E se seguen analizando a información que se pode atopar hoxe, na páxina de Radio Oleiros atópanse outros sesgos ademais do de xénero.

Dentro da programación, por exemplo dos podcasts, algo tan actual como iso, nas entrevistas recollidas baixo o título de “Fío Aberto” pódese ver, ou mellor escoitar pois trátase dunha radio, que entrevistan ó alcalde e que entrevistan tamén a veciños de “Alternativa dos Veciños” e..... que entrevistan outra vez ó alcalde e outra vez máis a algún veciño de Alternativa dos Veciños, iso unha e outra vez. pero non topou ningunha entrevista a ningún membro nin feminino nin masculino dos grupos da oposición, nin doutro grupo ou entidade que disinta do feito ou dito polo Sr. García ou polo seu grupo de Alternativa dos Veciños. ¿Raro non? Pois habelos hainos e moitos, como todos e todas saben ben e como en ocasións puideron comprobar neste mesmo pleno con persoas que están moi descontentas con algúns procederes da alcaldía. Ademais é de sentido común que os haxa, pois como recolle o refraneiro nunca chove a gusto de todos.

Seguindo coa programación atopou “Outra Mirada” así que con ese título tan esperanzador, pensou que atoparía por fin outras opinións outras “miradas”, pero lamentablemente o contido era máis do mesmo, máis concello, máis alcalde e máis homes.

Neste Pleno xa denunciaron noutras ocasións a súa oposición e a súa desconfianza, ante a medida tomada dende a concellaría de servizos sociais e igualdade de encargarlle e confiarlle as tarefas de difusión e de educación en igualdade a unha radio onde só traballan homes. Poderían estar horas analizando os abundantes, importantes e graves sesgos da querida radio oleiros que, por certo, ten moi boa musica, pero alargarían en exceso a exposición de motivos desta moción.

Así que buscando conservar o espírito daquela radio dos 80 cuxa primeira emisión pechou a Garda Civil, dende o grupo municipal “Socialista” presentan esta moción buscando darlle á radio municipal a pluralidade, igualdade, independencia e imparcialidade que merece. Que eles merecen, homes e mulleres, veciños e veciñas de Oleiros, teñan a ideoloxía que teñan, polo que esperan contar co apoio do pleno da Corporación de Oleiros para a adopción dos seguintes ACORDOS:

1) Antes de que remate este ano, se presente a este pleno unha ordenanza acordada e consensuada con todos os grupos municipais que regule e ordene a Radio Municipal de Oleiros .





CONCELLO DE
OLEIROS

2) Que se cumpra na Radio Municipal de Oleiros co recollido na vixente Lei de igualdade entre homes e mulleres e que sexa realmente paritaria e igualitaria, tanto nos temas a tratar coma no xénero das persoas que participen e que traballen nela.

3) Que os contidos sexan sempre garantía de imparcialidade, de democracia e de pluralidade.”

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, dirixíndose á voceira do grupo “Socialista” que é lamentable o descoñecemento que ten sobre a vida municipal, como pode vir aquí a facer este tipo de comentarios, porque na emisora municipal estiveron ó longo dos anos centos de mulleres e na actualidade clubs, sociedades, ANPAS interveñen habitualmente, tanto mulleres coma homes, porque na emisora fala quen quere, sen ter en conta se é home ou muller, participan quen vaia falar do seu club, da súa entidade, dos colexios onde conectan directamente coa radio e fanse programas continuamente. Hai pouco fixeron programas de radio, tanto o alumnado do colexio da Rabadeira coma os rapaces e rapazas da casa da xuventude “porta aberta”, na que son maioría mulleres e remata dicindo que moitas mulleres moi importantes de Oleiros, de Galicia, incluso de fóra de España, participaron na radio de Oleiros, con iso o que quere dicir é que a radio é plural.

Neste intre, prodúcese un debate entre os concelleiros do grupo “Socialista” e o alcalde sobre que antes de tratar a moción hai que votar a urxencia, manifestando o alcalde que existe un regulamento da radio municipal e que, ademais, foi presentado no seu día polo que fora concelleiro do grupo municipal “Socialista”, Luis Vázquez.

Salienta a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, que quere deixar claro que a súa posición é unha sensibilidade e un compromiso coa igualdade entre homes e mulleres, engadindo en que o palpable desa desigualdade pódese comprobar cos tres traballadores da radio municipal que son homes, ó que ó alcalde volve recriminarlle que nin coñece o número de traballadores da radio, porque son dous.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **sete (07) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **once (11) votos en contra** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”). En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

9.3.- Moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG relativa a solicitar o rescate da AP-9 e a súa transferencia a Galicia

O alcalde, D. **Ángel García**, anuncia que o goberno municipal votará favorablemente a urxencia desta moción, ao que a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, pregúntalle se esta moción é sobre algún tema municipal e por iso é moción ¿Non?.





CONCELLO DE
OLEIROS

O alcalde, D. **Ángel García**, insiste unha vez máis no descoñecemento do concello que ten a voceira do grupo “Socialista” porque a autoestrada do Atlántico discorre tamén polo termo municipal e sen máis, dá a palabra o voceiro do grupo “Mixto”-BNG para que expoña a moción.

Polo voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, procede a darse lectura á moción presentada:

“Exposición de motivos:

A prolongación da concesión da AP-9 até o ano 2048 representa un importante problema do punto de vista social, económico e político para a Galiza. Esta é unha autoestrada que funciona como un eixo ao redor do cal se articula un territorio con máis de 70% da poboación, os 3 aeroportos, todos os portos de interese xeral e tamén a maior parte da actividade económica e empresarial do noso País. Por tanto, que un elemento de mobilidade tan central sexa unha vía de pagamento coas portaxes máis altas do Estado español é un evidente problema, non só para os usuarios e usuarias particulares, senón tamén para as empresas que ven gravados os custos de produción e de distribución como consecuencia do pago das peaxes.

Isto vese agravado por 3 feitos; en primeiro lugar porque na Galiza carecemos dun sistema de transporte público á altura das necesidades que estruture a mobilidade interna de forma racional, tanto para pasaxeiros coma para mercadorías. En segundo lugar, pola nosa peculiar forma de habitar o territorio, cunha poboación dispersa que acentúa a dependencia do vehículo privado e, en terceiro lugar, porque temos unha posición xeograficamente periférica na península e en Europa o que, combinado cos aspectos anteriores, fainos practicamente cativos do transporte por estrada, especialmente ás empresas galegas que queren mover os seus produtos ou sacalos fóra do noso país.

Mais a estas motivacións debemos engadir aínda unha cuarta realmente importante, o mantemento das peaxes na AP-9 representa non só un castigo para todos os galegos e galegas senón unha clara discriminación coa Galiza, posto que todas as autoestradas da xeración da AP-9 hoxe están xa libres de peaxe unha vez que caducou a concesión ou estarano proximamente. Só en setembro de 2021, máis de 600 km, a maioría en Cataluña.

No caso do Autoestrada Atlántico a concesión inicial de 40 anos finalizou no ano 2013; porén, distintos gobernos de diferente cor e de forma absolutamente insensíbel coas necesidades da Galiza, adoptaron a decisión de prorrogar a concesión dunha infraestrutura xa suficientemente amortizada e pola que os galegos e galegas levan pagando moito tempo.

Primeiro un goberno de Felipe González, do Partido Socialista, que prorrogou a concesión durante 10 anos, entre 2013 e 2023. Máis adiante, no ano 2000, un goberno de Aznar, do Partido Popular, fixo unha nova prórroga entre o ano 2023 e 2048, nin máis nin menos que de 25 anos. É dicir, decidiu regalar un negocio seguro durante máis de 2 décadas a unha empresa como AUDASA -que fora pública e privatizada tamén polo PP de Aznar en 2003 por 1.000 M€-, agora xa totalmente de capital foráneo ó Estado español, en mans de fondos vóitre, á conta de que os galegos e galegas sigan a pagar as peaxes e sacrificando o seu desenvolvemento social e económico.

O conxunto da sociedade galega leva moito tempo reclamando por fin á concesión, moito tempo reclamando unha AP-9 galega e libre de peaxes, para logralo o BNG impulsou iniciativas neste sentido en todas as institucións. No Parlamento galego xa en catro ocasións a proposta para a transferencia da AP-9 á Galiza foi acordada por unanimidade de todas as forzas políticas e debatida neste Congreso en dúas. A capacidade de negociación do BNG levou a que o Goberno establecese bonificacións para os usuarios e usuarias habituais que xa están en vigor desde o ano 2021 e que chegan a 60% das tarifas. Mesmo, conforme ao establecido no último acordo de investidura, as bonificacións deben aumentarse aínda até 75% e ser aplicadas tamén na AP-53, por certo, outra autoestrada cunha concesión de longa duración de 75 anos. Un compromiso revalidado polo propio Ministro na súa intervención en que anunciou que espera sexa executado no presente exercicio.

Mais non é suficiente o abaratamento das peaxes para os usuarios e usuarias habituais da AP-9, senón que esta autoestrada debe pasar a ser libre de peaxe. Lograr este obxectivo na actualidade está perfectamente xustificado se consideramos que, segundo a Comisión Europea, as prórrogas nas concesións foron adoptadas de forma





CONCELLO DE OLEIROS

irregular, polo que se podería declarar a nulidade da concesión actual. Así, no ano 2021 a Unión Europea abriu un expediente de infracción ó Estado español por considerar que as prórrogas da AP-9 se produciron de forma ilegal ao non cumpriren o principio de concorrência competitiva. Máis recentemente, neste mesmo ano, a UE abre un novo expediente de infracción ó Estado español polo mesmo motivo, existindo por outra parte, precedentes de casos similares que foron xa resoltos anulando a concesión.

O Ministerio debe realizar un estudo serio e fiable sobre o verdadeiro custo de pór fin á concesión da Autoestrada do Atlántico. O Ministro avanzou a cifra de 4000 millóns de euros, porén ese cálculo non vén abalado por datos contrastados. Algunhas outras estimacións sitúano ao redor dos 2000 millóns de euros ou entre 2 e 3000 millóns de euros. Neste caso é preciso lembrar que o goberno procedeu a aprobar unha reserva de crédito de 2300 M€ entre ese ano e 2048 para custear as bonificacións que se establecían na AP-9. Isto implica regalar 2300 millóns de euros a unha empresa privada de capital foráneo no canto de destinar eses mesmos recursos para converter en gratuíta a AP-9, co efecto positivo que iso tería no desenvolvemento social e económico da Galiza.

Ademais, si foron executados rescates milmillonarios noutras infraestruturas como o caso das radiais madrileñas das que se descoñece a día de hoxe con exactitude o custo real aínda que se estima que se situou por riba dos 4000 millóns de euros. No caso da AP-9 na Galiza, resulta evidente que é moito máis favorable para os intereses públicos pór punto final á concesión da AP-9 que seguir regalando diñeiro de todos os galegos e galegas a unha empresa privada que fai un negocio escandaloso coas peaxes. Segundo os datos públicos da propia AUDASA, só no ano 2023, os lucros da empresa na Autoestrada do Atlántico foron de 82,6 M€, un 25% máis que no ano anterior.

En definitiva, non hai razóns para non transferir a AP-9, como non as hai para non finalizar a concesión e que pase a ser unha autoestrada galega e libre de portaxes. O BNG reclama, ao igual que o fai a grande maioría da sociedade galega, que se poña fin á estafa legalizada que implican as peaxes da Autoestrada do Atlántico, unha demanda socialmente xusta e que se axusta á legalidade vixente. Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego somete esta moción a debate e aprobación polo pleno do Concello de Oleiros propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar ó goberno do Estado a que, en coherencia co procedemento aberto pola Comisión Europea, inicie os trámites para:

- A anulación da prórroga de 25 anos outorgada á concesionaria da AP-9.
- A asunción da xestión directa da autoestrada e a supresión das peaxes.
- O impulso da transferencia da AP-9 a Galiza.

2. Instar ó goberno do Estado e á Xunta da Galiza a encargaren sendos estudos en que se exploren as vías xurídicas para a anulación da prórroga e se avalíen os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP-9"

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, **dezaioito (18) votos a favor** (un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG; once (11) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños"; catro (04) do grupo municipal "Popular" e dous (02) do grupo municipal "Socialista").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *tratar* a moción presentada polo grupo municipal "Mixto"-BNG.

Intervén a voceira do grupo municipal "Popular", D^a **M^a Dolores Silva**, salientando que como sinalou o voceiro do Grupo Mixto-BNG, na iniciativa aprobada o pasado 25 de abril no Parlamento Galego, recollíase literalmente ese





CONCELLO DE
OLEIROS

acordo sendo o que se está a demandar ao goberno do Estado para que, coherentemente co procedemento aberto coa Comisión Europea, inicie os trámites para a anulación da prórroga de 25 anos; asumir a xestión directa da autoestrada; a supresión das peaxes e o impulso da transferencia da AP-9 a Galicia.

Están de acordo en que a situación na que se atopa a concesión ten que ser clarexada e así levan tempo denunciando e demandando do goberno Central que é quen ten que dar as respostas, aínda que considera que se debe agardar a que se pronuncie a Comisión Europea a respecto das prórrogas das concesións. AUDASA, agora ITINERE estase a enriquecer a conta dos galegos e galegas con consentimento expreso do goberno de Pedro Sánchez, que lle dispensa un trato de favor, que mais parece que lle interesa en coidar á concesionaria.

Exixen transparencia, rigor e seriedade e a día de hoxe a Xunta non coñece a resposta nin a documentación que o goberno de España remitiu á Comisión Europea trala apertura dun expediente en setembro do 2021. Descoñecen tamén si hai algún estudio realizado polo goberno Central sobre o custo económico do rescate da concesión da AP-9, así como non dispoñen dos datos que levaron a concluír que esa medida non é viable.

Ó longo destes anos o valor do custe do rescate da concesión variou moito, entre os 2.500 e 4.000 millóns de euros, pero finalmente o Ministro Puente fixouno en 6.000 millóns ó sumarlle o custo da transferencia. Están de acordo en exixir un estudo serio e riguroso por parte do Estado sobre o custo real do rescate e agardan que todas as forzas políticas deste pleno adopten esta mesma determinación e nivel de exixencia.

A postura do PP é clara levando case que 15 anos reclamando a transferencia da autoestrada AP-9 para Galicia, que permitiría unha xestión mais eficaz e ofrecer unha resposta mais áxil e acertada ás necesidades dos galegos. Dille ó BNG que no ano 2020 deulle o apoio a Pedro Sánchez coa promesa de bonificación, de supresión das subidas extraordinarias e da transferencia da autoestrada, pregúntenlle para cando porque todos puideron comprobar como en febreiro as peaxes subiron e agora, que xa non son imprescindibles, espera que se unan ó resto dos partidos para solicitar conxuntamente que a transferencia poida ser factible.

Non está nas mans do executivo galego coñecer a situación actual desa concesión e os acordos actuais que se manteñen entre o Estado e a concesionaria e sería moi de agradecer que o que se demandara ao goberno do Estado fora un exercicio de maior transparencia e que se acompañe dos recursos económicos necesarios, tanto para a execución das obras que están pendentes, coma para o mantemento das bonificacións, xa que a AP-9 é unha vía fundamental que vertebra Galicia, que historicamente atópase illada.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, salientando que o seu grupo quere matizar que Pedro Sánchez non estaba cando Aznar decidiu ampliar a concesión da autoestrada, que agora parece que non foi moi legal, pero si estaba no ano 2021 cando se comezou co compromiso das bonificacións.

Annuncia o seu apoio a esta iniciativa que presenta o grupo municipal do BNG, pero queren presentar unha emenda de adición á moción, consistente en que na parte dispositiva e como apartado terceiro do acordo figure:





CONCELLO DE
OLEIROS

“3.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España que, mentres non se fagan efectivos os puntos precedentes, se continúe no camiño comezado polo goberno de España no ano 2021, no marco cara á gratuidade das peaxes da AP-9, consolidándose co novo compromiso de bonificacións da AP e da AP-53 do 75%.”

O voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, como propoñente da moción acepta engadir este punto terceiro no acordo, polo que da orde do alcalde pásase xa directamente á votación da mesma.

Votación da moción

Pasándose á votación da moción, acádase o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, **dezaoto (18) votos a favor** (un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG; once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación aproba a moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG e que se transcribe:

“Exposición de motivos:

A prolongación da concesión da AP-9 até o ano 2048 representa un importante problema do punto de vista social, económico e político para a Galiza. Esta é unha autoestrada que funciona como un eixo ao redor do cal se articula un territorio con máis de 70% da poboación, os 3 aeroportos, todos os portos de interese xeral e tamén a maior parte da actividade económica e empresarial do noso País. Por tanto, que un elemento de mobilidade tan central sexa unha vía de pagamento coas portaxes máis altas do Estado español é un evidente problema, non só para os usuarios e usuarias particulares, senón tamén para as empresas que ven gravados os custos de produción e de distribución como consecuencia do pago das peaxes.

Isto vese agravado por 3 feitos. En primeiro lugar porque na Galiza carecemos dun sistema de transporte público á altura das necesidades que estruture a mobilidade interna de forma racional, tanto para pasaxeiros como para mercadorías. En segundo lugar, pola nosa peculiar forma de habitar o territorio, cunha poboación dispersa que acentúa a dependencia do vehículo privado e, en terceiro lugar, porque temos unha posición xeograficamente periférica na península e en Europa o que, combinado cos aspectos anteriores, fainos practicamente cativos do transporte por estrada, especialmente ás empresas galegas que queren mover os seus produtos ou sacalos fóra do noso país.

Mais a estas motivacións debemos engadir aínda una cuarta realmente importante. O mantemento das peaxes na AP-9 representa non só un castigo para todos os galegos e galegas senón unha clara discriminación coa Galiza, posto que todas as autoestradas da xeración da AP-9 hoxe están xa libres de peaxe unha vez que caducou a concesión ou estarano proximamente. Só en setembro de 2021, máis de 600 km, a maioría en Cataluña.

No caso do Autoestrada Atlántico a concesión inicial de 40 anos finalizou no ano 2013. Porén, distintos gobernos de diferente cor e de forma absolutamente insensíbel coas necesidades da Galiza, adoptaron a decisión de prorrogar a concesión dunha infraestrutura xa suficientemente amortizada e pola que os galegos e galegas levan pagando moito tempo. Primeiro un Goberno de Felipe González, do Partido Socialista, prorrogou a concesión durante 10 anos, entre 2013 e 2023. Máis adiante, no ano 2000, un Goberno de Aznar, do Partido Popular, fixo unha nova prórroga entre o ano 2023 e 2048, nin máis nin menos que de 25 anos. É dicir, decidiu regalar un negocio seguro durante máis de 2 décadas a unha empresa como AUDASA -que fora pública e privatizada tamén polo PP de Aznar en 2003 por 1000 M€-, agora xa totalmente de capital foráneo ao Estado español, en mans de fondos voitre, á conta de que os galegos e galegas sigan a pagar as peaxes e sacrificando o seu desenvolvemento social e económico.

O conxunto da sociedade galega leva moito tempo reclamando pór fin á concesión, moito tempo reclamando unha AP-9 galega e libre de peaxes. Para logralo o BNG impulsou iniciativas neste sentido en todas as institucións. No Parlamento galego xa en catro ocasións a proposta para a transferencia da AP-9 á Galiza foi acordada por unanimidade de todas as forzas políticas e debatida neste Congreso en dúas.





A capacidade de negociación do BNG levou a que o Goberno establecese bonificacións para os usuarios e usuarias habituais que xa están en vigor desde o ano 2021 e que chegan a 60% das tarifas. Mesmo, conforme ao establecido no último acordo de investidura, as bonificacións deben aumentarse aínda até 75% e ser aplicadas tamén na AP-53, por certo, outra autoestrada cunha concesión de longa duración de 75 anos. Un compromiso revalidado polo propio Ministro na súa intervención en que anunciou que espera sexa executado no presente exercicio.

Mais non é suficiente o abaratamento das peaxes para os usuarios e usuarias habituais da AP-9, senón que esta autoestrada debe pasar a ser libre de peaxe. Lograr este obxectivo na actualidade está perfectamente xustificado se consideramos que, segundo a Comisión Europea, as prórrogas nas concesións foron adoptadas de forma irregular, polo que se podería declarar a nulidade da concesión actual. Así, no ano 2021 a Unión Europea abriu un expediente de infracción ao Estado español por considerar que as prórrogas da AP-9 se produciron de forma ilegal ao non cumpriren o principio de concorrência competitiva. Máis recentemente, neste mesmo ano, a UE abre un novo expediente de infracción ao Estado español polo mesmo motivo. Existen, por outra parte, precedentes de casos similares que foron xa resoltos anulando a concesión.

O Ministerio debe realizar un estudo serio e fiable sobre o verdadeiro custo de por fin á concesión da Autoestrada do Atlántico. O Ministro avanzou a cifra de 4000 millóns de euros, porén ese cálculo non vén abalado por datos contrastados. Algunhas outras estimacións sitúano ao redor dos 2000 millóns de euros ou entre 2 e 3000 millóns de euros. Neste caso é preciso lembrar que o Goberno procedeu a aprobar unha reserva de crédito de 2300 M€ entre ese ano e 2048 para custear as bonificacións que se establecían na AP-9. Isto implica regalar 2300 millóns de euros a unha empresa privada de capital foráneo no canto de destinar eses mesmos recursos para converter en gratuíta a AP-9, co efecto positivo que iso tería no desenvolvemento social e económico da Galiza.

Ademais, si foron executados rescates milmillonarios noutras infraestruturas como o caso das radiais madrileñas das que se descoñece a día de hoxe con exactitude o custo real aínda que se estima que se situou por riba dos 4000 millóns de euros. No caso da AP-9 na Galiza, resulta evidente que é moito máis favorable para os intereses públicos por punto final á concesión da AP-9 que seguir regalando diñeiro de todos os galegos e galegas a unha empresa privada que fai un negocio escandaloso coas peaxes. Segundo os datos públicos da propia Audasa, só no ano 2023, os lucros da empresa na Autoestrada do Atlántico foron de 82,6 M€, un 25% máis que no ano anterior.

En definitiva, non hai razóns para non transferir a AP-9, como non as hai para non finalizar a concesión e que pase a ser unha autoestrada galega e libre de portaxes. O BNG reclama, ao igual que o fai a grande maioría da sociedade galega, que se poña fin á estafa legalizada que implican as peaxes da Autoestrada do Atlántico, unha demanda socialmente xusta e que se axusta á legalidade vixente.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete esta moción a debate e aprobación polo Pleno do concello de Oleiros propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Instar o Goberno do Estado a que, en coherencia co procedemento aberto pola Comisión Europea, inicie os trámites para:

- A anulación da prórroga de 25 anos outorgada á concesionaria da AP-9.
- A asunción da xestión directa da autoestrada e a supresión das peaxes.
- O impulso da transferencia da AP-9 a Galiza.

2.- Instar ao Goberno do Estado e á Xunta da Galiza a encargaren sendos estudos en que se exploren as vías xurídicas para a anulación da prórroga e se avalíen os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP-9.

3.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España que, mentres non se fagan efectivos os puntos precedentes, se continúe no camiño comezado polo goberno de España no ano 2021, no marco cara á gratuidade das peaxes da AP-9, consolidándose co novo compromiso de bonificacións da AP e da AP-53 do 75%."

*** rogos e preguntas**





CONCELLO DE
OLEIROS

9.4.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre desbroces a realizar na futura urbanización Viñas de Babilonia

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jaime Castor**, sinalando:

“Tras os desbroces levados a cabo en Santa Cruz para a futura urbanización de Viñas de Babilonia, o camiño que vai desde o parking do pabellón Arsenio Iglesias a Santa Cruz, está totalmente intransitable. Rogamos se tomen medidas urxentes para proceder ao seu arranxo. De feito sería aconsellable a instalación dunha ponte elevada de madeira na zona onde atravesa o regato que se inunda constantemente.”

9.5.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre reparación desperfectos xardíns na zona de Perillo

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:

“Rogamos se proceda á reparación dos desperfectos que existen no xardín entre o “Sol y Mar” e o novo centro comercial Alcampo (antigamente DIA) na rúa Areal, así como os desperfectos da Praza de Agramar, á altura dos portais 6, 7 e 8.”

9.6.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre reparación dunha fonte sita no Parque José Martí, Santa Cristina

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:

“A fonte sita no Paseo de Santa Cristina fronte ao parque José Martí está estropeada e desbordada de auga, polo que rogan se repare porque a zona preto dela está sempre chea de auga.”

9.7.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre revisión árbores nos parques e xardíns municipais

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Pablo Sánchez**, sinalando:

“De novo insistimos na necesidade de levar a cabo unha revisión das árbores dos parques e xardíns do Concello e que se proceda ao seu saneamento. Por exemplo, en Xardín de Nos, Mesón do Auga e no Parque dos Veciños.”

9.8.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre rehabilitación e mellora do “Rincón de Cecilia” no Parque José Martí

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“De igual modo e xa que para elo se contratou o servizo de mantemento, limpeza e conservación dos parques e xardíns, solicitan se restauren os elementos necesarios e se faga un plan total de rehabilitación do Rincón de Cecilia, no parque José Martí. Este rogo xa o formulou ela mesma no ano 2021 e o alcalde amosou a súa conformidade co mesmo, incluso falou de mellorar esa zona, pero aínda non se tomou medida ningunha.”

9.9.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre solución para a inseguridade viaria na rúa Lamalonga de Mera

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“A Rúa Lamalonga en Mera é moi estreita e curva e no tramo que conecta co Paseo da Lagoa, atravesa unha zona moi concorrida, xa que se xuntan nela varios locais de hostalería con terrazas moi visitadas por familias con nenos e nenas que xogan sobre esa estrada. Dispón dunha beirarrúa dun só lado que a diario está ocupada con coches aparcados o que dificulta mais a circulación e sobre todo reduce aínda mais a visibilidade, incrementándose a súa perigosidade, por iso traemos este rogo solicitando que dende o Concello se tomen as medidas necesarias para tratar de minorar ese risco.”

9.10.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre aplicar a limitación de velocidade e retirar semáforos peonís nas vías urbanas e travesías en todo Oleiros

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“Están observando como, por fin, o Concello de Oleiros escoitou algunhas das solicitudes realizadas polo grupo “Socialista” en materia de mobilidade, mellorando a seguridade viaria ao aplicar a redución da velocidade de circulación nas vías urbanas e travesías de Oleiros.”





CONCELLO DE OLEIROS

Lamentan que, sen embargo, siga sen ter en conta o problema de inseguridade do Couto ou a retirada dos semáforos peonís, por exemplo, na zona do alto de Coruxo, en Santa Cruz.

Os socialistas hoxe traen este rogo pedindo que todas esas medidas de redución de velocidade e retirada de semáforos, sexan aplicadas ao conxunto das vías de Oleiros, empezando por Santa Cristina que como sempre, segue esperando, unha vez mais é a “maltratá” da copla .”

9.11.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre cumprimento da Lei de Memoria Democrática

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“O Grupo “Socialista” de Oleiros solicita a través deste rogo que cumpran coa Lei de Memoria Democrática, non poden entender como un alcalde que presume de progresista e que asegura estar disposto a sacrificarse manténdose como candidato no próximo mandato para impedir a chegada da ultradereita, non permita ó seu grupo nen sequer propoñer o debate sobre Memoria Democrática que durante dous plenos intentaron presentar en forma de Moción.

Solicitaron designar como punto de Memoria Democrática en Oleiros á Casa da Felicidade, Casa do pintor e intelectual Francisco Miguel Fernández Díaz, represaliado e asasinado polo réxime franquista. Pois ben hoxe, ten vostede outra oportunidade para cumprir co mandado nesa Lei, de aí que rogan retire de xeito inmediato da fonte sita na rúa Río da Loba, que data do 1954, o xugo e as frechas que alí permanecen, por certo, deberá aproveitar para substituílo por un cartel que defina as condicións sanitarias da auga desa fonte.”

9.12.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre construción de beirarrúas no tramo da estrada Mera-Lorbé

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“A estrada que une Mera e Lorbé está moi frecuentada por viandantes que, a diario, salvan a distancia entre os dous núcleos camiñando, sexa para facer algún recado ou simplemente por camiñar, por saúde, pero esta vía que segue a ser de titularidade autonómica, pola vía dos feitos e polo tipo de uso, tense convertido en local, sen que o Concello a asuma como tal como, por certo, pasa con tantas outras en Oleiros.

Como a Xunta non sente a necesidade de dotala de beirarrúas, os veciños e veciñas, que fan a diario ese percorrido, seguen sufrindo un grave perigo entre outras razóns pola falla de visibilidade, sobre todo nos tramos de curvas, así e nestas circunstancias solicitan o auxilio do concello, pero este descúlpase con que a estrada é da Xunta de Galicia; uns polos outros e a casa sen barrer, polo que rogan que o Concello de Oleiros negocie de forma inmediata coa Xunta de Galicia a construción das beirarrúas que con tanto interese e razón reclaman os veciños de Dexo, ou asuma a estrada como propia para poder atender esa necesidade.”

9.13.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre reparación de escaleiras de baixada á praia de Santa Cristina

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“O grupo “Socialista” a través deste rogo solicita que se execute, ao par das obras que a Deputación está a facer de mellora da avenida principal de Santa Cristina, actuacións municipais para o embelecemento e humanización de Santa Cristina.

A consideración do alcalde sobre Santa Cristina definíndoa recentemente nun pleno como “un antigo arrabal de Perillo”, non pode ser máis importante que a mellora do benestar dos veciños e veciñas. De novo queren falar de Santa Cristina “a maltratá”, por certo, con bonitas e multitudinarias fogatas este ano para a celebración do San Xoán a pesar de estar alí nese intre todo patas arriba.

As escaleiras que baixan a auga na zona chamada embarcadoiro están moi deterioradas e presentan perigo nese estado para os usuarios e usuarias desa zona de baño, polo que rogan que se reparen á maior brevidade, pois xa se está en tempada de verán. Non nos serve a desculpa de que non lle corresponde ao concello, pois actuacións similares se teñen levado a cabo noutras zonas sen poñer ningunha obxección.

Por certo, de paso poderíase intentar reparar o mural de mosaicos da zona que empeza a deteriorarse e limpar as pintadas como a de “Carmen me debe tres euros” e sobre todo outras machistas e ofensivas que non teñen razón de existir.”





9.14.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre arbitrariedade nas multas impostas a varios vehículos no campo de fútbol os Regos nun torneo de fútbol base celebrado o pasado 8 de xuño

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Teñen queixas de veciños e veciñas porque o pasado día 8 de xuño tivo lugar no campo de fútbol dos Regos un torneo de fútbol alevín (catividade 11-12 anos) organizado polo Colexio Cristo Rei. Existen queixas de propietarios de vehículos multados que denuncian presunta arbitrariedade nas devanditas multas que só recaeron en 5 coches situados na Avda. Isaac Díaz Pardo cando había moitos máis vehículos incorrectamente estacionados que non recibiron ningunha proposta de sanción (todo elo segundo estas fontes).

Afirman estes afectados polas multas que solicitaron insistentemente dialogar con responsábeis do Concello vía telefónica e correo electrónico coa finalidade de aclararen as circunstancias e queixárense do que consideran unha actitude incorrecta e arbitraria.

Informan, ademais, que pola megafonía do campo municipal non se informou en ningún intre de que se procedera a retirar os vehículos mal estacionados ou serían sancionados. Dende o BNG, solicitan ao goberno local que aclare cos afectados á situación e que artellen medidas, dada a precariedade de prazas para aparcар nesta ou noutra zona, cando se autorice en instalacións municipais eventos con afluencia de moita xente que se habiliten prazas de aparcamento eventuais, informando a través da organización de todas as problemáticas de orde pública. Achamos que a información previa, reiterada no propio lugar do evento a través da megafonía ou calquera outro medio, resulta moito máis práctica que a sanción. Moito máis en casos de eventos de nenos e nenas que se desprazan dende diferentes lugares da comarca sempre acompañados.”

9.15.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre estado beirarrúas para persoas con mobilidade reducida nunha zona da Avda. Salvador Allende

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Na Avenida Salvador Allende no Seixal, zona de 3 bares, as beirarrúas son absolutamente imposibles de uso para persoas con mobilidade reducida, carriños de crianza e mesmo nalgún treito é preciso baixar á estrada para calquera viandante. É imprescindible mellorar a súa mobilidade polos perigos que supón e demais motivos obvios, por certo unha demanda veciñal de hai anos, polo que rogan ó Concello que esta xusta demanda veciñal sexa atendida.”

9.16.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre activación das duchas nas praias municipais

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“As praias oleirenses son utilizadas durante todo o ano pola cidadanía, destaca entre todas o areal de Bastiagueiro, onde acoden deportistas de toda a comarca a practicar surf e demais deportes acuáticos, fútbol praia, etc. A auga nunca sobra e sempre cómpre utilizala con sentido común, porén na actualidade non existe ningunha restrición e pode ser utilizada con normalidade.

De aí que as duchas dos areais do Concello non traballan, sendo indispensables após a práctica deportiva e demais usos. Pois ben, o servizo de socorrismo préstase do 15 de xuño ao 15 de setembro, a apertura das duchas non nos consta cando se fai efectiva, mais xa na primeira semana do mes estaban abertas. O que si sabemos é que a ORA comezou a cobrarse o día 1 de xuño, día no que non existe nin socorrismo nin auga nas duchas. Dito isto, rogan que o servizo de duchas traballe todo o ano conforme ó arriba exposto e cando menos que o servizo de socorrismo, duchas e cobro por estacionamento coincidan no tempo.”

9.17.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre mocións a tratar no pleno

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O Goberno de “Alternativa dos Veciños” decidiu, de xeito unilateral, limitar o número de mocións para os grupos con até cinco concelleiras a dúas por pleno. Recentemente o Alcalde falou de que se estaba a traballar na creación dunha Xunta de portavoces (como existen en todos os Concellos da contorna).

Esta limitación provoca que se poidan rexistrar un gran número de mocións, como está a suceder na práctica, para garantir a urxencia de polo menos dúas. Para evitar esta innecesaria e absurda perda de tempos e de





CONCELLO DE OLEIROS

esforzos, solicitamos ao goberno local que en tanto en canto non teñamos unha xunta de portavoces, na comisión informativa previa a pleno se decidan as mocións que serán abordadas no propio pleno, os motivos son obvios”.

9.18.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre aplicación medidas recollidas no PMUS

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Dentro das medidas que propón o PMUS atópanse unhas que, ó seu entender, pagaría a pena poñer en marcha: as referidas ao transporte en bicicleta. Queren poñer o acento no uso da bicicleta non só como recurso de lecer ou deportivo, senón como medio de transporte habitual e cotiá para ir ó traballo, ós centros académicos, realizar xestións e compras, etc; tanto no interior do propio concello.

O PMUS, no seu capítulo 5, establece unha delimitación de propostas e obxectivos específicos e comeza por toda unha serie de medidas de fomento e mellora dos desprazamentos en modos non motorizados. Son 4 as referidas ó transporte en bicicleta: Rede de aparcadoiros de bicicletas; sistema público de alugueiro de bicicletas; sinalización de itinerarios peonís e ciclistas; criterios de deseño de rúas; itinerarios peonís e ciclistas. Rogan logo ó Concello proceda a aplicar estas medidas.”

9.19.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre a posibilidade de comprar outro tractor para desbroce de camiños e rúas

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Pablo Sánchez**, sinalando:

“Recentemente iniciáronse os traballos de desbroce en camiños e rúas públicas pero cun só tractor é difícil facelo de xeito áxil ¿Por qué non solicitan as axudas necesarias ou se compra, xa que se dispón de medios, un novo tractor para desbrozar e axilizar a limpeza das vías? Ven que comezaron recentemente a limpeza, pero entenden que un so operario é totalmente insuficiente.”

9.20.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre melloras para reducir perdas de auga na rede

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“¿Cando pensan poñer freo para reducir as fugas e perdas de auga que se teñen rexistradas, que son de sobra coñecidas e que non se repararon trala municipalización do servizo? Sería bo tomar medidas para conseguir unha xestión eficaz, procedendo á instalación dos contedores precisos nos regos e fontes para ter contabilizadas as perdas e proceder á súa redución.”

9.21.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre construción dunha escaleira na polideportiva Perillo

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:

“A polideportiva de Perillo, onde se celebran as festas de Sta. M^a de la Cabeza, gustaría preguntarlle ¿Por qué nese parque que remata nun muro sen saída ¿Sería posible a construción dunha escaleira que dea acceso á beirarrúa? Dado que sempre xenérase un bucle perigoso de xente ou incluso, utilizado para facer “botellón”, polo que a veciñanza da zona están bastante descontentos.”

9.22.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre arranxo do aparcadoiro Pabellón Arsenio Iglesias

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“O aparcadoiro do Pavillón Arsenio Iglesias atópase totalmente deteriorado, levantado polas raíces das árbores. ¿Para cando unha reparación integral do mesmo porque é unha instalación moi usada?”

9.23.- Pregunta do grupo municipal “Popular” relativa ó Plan de Autoprotección.

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jaime Cástor**, sinalando:

“Solicitamos ao Concello copia dos plans de autoprotección das vindeiras festas patronais que se celebrarán no Concello, tendo en conta que o Concello é quen autoriza as festas, polo que ten a obriga de velar pola Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





CONCELLO DE
OLEIROS

seguridade dos asistentes. No caso das pasadas festas de Perillo, Dexo ou mesmo, nas fogueiras de San Xoán ¿Existía algún protocolo de actuación ou medidas de seguridade reflectidas nun Plan de Autoprotección? Porque vendo como se desenvolven e os medios que existían, todo parece indicar que non existiu; de non existir ¿Poden indicar os motivos polos que non se realizou?; ¿Quizáis pola falla de medios? ; ¿Como acontece co caso da falla de efectivos da Policía Local?."

9.24.- Pregunta do grupo municipal "Socialista" relativa ó investimento destinado ao Multiusos de Bastiagueiro

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal "Socialista", D. **Jesús Fernández**, sinalando:

"Rematan de comprobar a satisfacción coa que a alcaldía e toda a corporación de Oleiros inaugurou as obras feitas polo Estado en Sol e Mar. Foi un goberno socialista, durante o mandato de Pedro Sanchez, despois de tantos compromisos incumplidos por parte do Partido Popular, quen conseguiu cun orzamento de 11,5 millóns de solución a ese tramo de estrada que tantos anos mantivo dividido Perillo en dous.

Pois ben, o grupo "Socialista" quere preguntarlle ó Sr. Garcia: ¿Non lle parece a vostede que eses 12, ou mellor dito, os xa 14 millóns de euros que vostede vai gastar nun multiusos de futuro e utilidade incerta, o que aínda non foi capaz de explicarnos canto nos vai custar manter, estarían moito mellor empregados en solucionar os problemas reais da xente?. Por exemplo, a falla de aparcamento en Santa Cristina, incluso facendo un subterráneo; renovar toda a rede municipal da traída de auga e a de saneamento, obsoleta. rompendo un día si e outro tamén; eliminar as múltiples fosas sépticas que aínda funcionan neste Concello; mellora das beirarrúas e toda a rede de "carreiros asfaltados" que son a maioría das vías municipais de Oleiros, sobre todo no interior sen seguridade viaria ningunha e aínda lle sobrarían cartos para garantir a accesibilidade á vivenda á xente moza que é un gran problema neste Concello."

9.25.- Pregunta do grupo municipal "Socialista" relativa á adxudicación do contrato do edificio Multiusos de Bastiagueiro

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal "Socialista", D. **Jesús Fernández**, sinalando:

"Relativa ao estrano suceso acontecido na licitación dunha obra de 12 millóns de euros á que só se presentou unha empresa que, curiosamente, recibe centos de miles de euros anualmente en contratos adxudicados a dedo, como consecuencia das presas coas que se proxectou a obra para satisfacer o capricho do alcalde agora un sobre custo de 2 millóns de euros máis.

A este Pleno traen por terceira vez iniciativas, ante as evasivas recibidas anteriormente, solicitando aclaracións e esixindo responsabilidades políticas. Avisaron en decembro da anormalidade de que só se presentase unha empresa á licitación da obra do Multiusos valorada en case 12 millóns de euros, e que sexa "curiosamente" a mesma empresa a adxudicatária, como dixo antes.

Esta empresa encargouse con contratos adxudicados directamente de obras, como derrubar a Casa Carnicero ou demoler as dúas vivendas de Bastiagueiro Pequeno; en moitas ocasións non pasando o límite do contrato menor por uns poucos euros ¿Que diría o alcalde se ante unha licitación dunha obra de 12 millóns de euros noutro concello só se presentase unha empresa que, como xa dixo, recibe moitos contratos cada ano adxudicados a dedo dese mesmo concello e que aos dous meses de comezar xa ten un sobrecoste de 2 millóns de euros que van pagar os veciños."

9.26.- Pregunta do grupo municipal "Socialista" relativa ó informe xeotécnico da obra do Multiusos de Bastiagueiro

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal "Socialista", D. **Jesús Fernández**, sinalando:

"Relativa ó informe xeotécnico asinado no ano 2005 que afirmaba "que había moita auga e que era preciso pilotar ate 18 metros de profundidade": O nosa labor rigurosa de oposición que tanto lle molesta ó alcalde levoulles a examinar os informes de obra do Multiusos e a conclusión é clara; tal e como dicía o informe xeotécnico elaborado no ano 2005 e que acompañaba ó prego para a contratación da redacción do proxecto do edificio Multiusos hai auga e hai que pilotar ate 18 metros de profundidade. Este prego foi asinado en xullo de 2021 polo 5º Tenente Alcalde Delegado de Obras Públicas, e por unha enxeñeira municipal, polo que deixaron constancia do coñecemento do problema e non poden falar da baixa consistencia do terreo como un "imprevisto".

Cando pedimos no pleno de xaneiro o compromiso de que non habería nin modificados nin sobrecustos na obra o alcalde saíu pola tanxente. Agora veñen co primeiro modificado por un importe de 1.966.731,44 €, un 17% de
Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





CONCELLO DE OLEIROS

sobrecusto nada máis comezar a obra. No pleno de maio ao preguntarlle por este asunto de novo o alcalde contestou que “desde o meu punto de vista ao técnico redactor do proxecto habería que darlle unha hostia” nos seus habituais “balóns fóra”, evitando así asumir calquera responsabilidade política sobre o asunto. A “hostia”, de 2 millóns de € de intensidade, vaina levar o peto dos oleirenses pola súa mala xestión ¿Quen vai a asumir a responsabilidade política ante esta desfeita de dous millóns de euros que pagamos os veciños e ter a mínima dignidade de dimitir?”

9.27.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” relativa a inseguridade xurídica que envolve á execución do edificio

Multiusos de Bastiagueiro

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“A día de hoxe dous técnicos municipais asinan a necesidade do modificado de 2 millóns de euros, o nº 1 que creemos non será o último, escudándose no art. 205 da Lei de Contratos, pero ese artigo sinala “que a necesidade de modificación derívase de circunstancias que unha administración dilixente referido a “Modificacións non previstas no prego”; o problema xorde en que para aplicar o artigo 205 habería que cumprir o sinalado no punto 2. b) 1.º do mesmo “que a necesidade da modificación derive de circunstancias que unha administración dilixente non puidese prever”; cousa que aquí non pode afirmarse xa que tanto os técnicos coma concelleiros e alcalde eran coñecedores dos problemas de auga e de que a cimentación precisaba pilotes para buscar terreo firme.

En vez de esixir responsabilidades ós axentes intervinientes na redacción do proxecto, aquí como no lonxano oeste, soluciónanse os problemas ofrecendo “hostias”, pero en tanto pagaran os veciños ¿Como se pode recurrir a unha tramitación acelerada aplicando o artigo 205 da Lei de contratos que esixe que a “necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha administración dilixente non puidese prever” cando neste caso eran coñecidas e foron publicadas no Portal de Contratos do Estado por encargo deste Concello?”

9.28.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” relativa ós problemas atopados na construción do edificio

Multiusos de Bastiagueiro

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“Relativa ós problemas atopados na construción do edificio Multiusos de Bastiagueiro “non contemplados” e que van a encarecer a obra: No BOP de 1 de marzo de 2023 se recollía un anuncio de Augas de Galicia correspondente á solicitude de autorización de obras do Multiusos que fixo o Concello de Oleiros por atoparse nas marxes do río Bastiagueiro, non parece moita novidade que se hai un río haxa auga.

Por outra banda, no pleno de decembro preguntaron polo estrano que era que só unha empresa se presentase á licitación de 12 millóns e exiximos o compromiso de que non habería sobrecustes, ó que o alcalde evitou responder. O anuncio de que hai que pilotar e de que aumenta o custe en dous millón de euros é a confirmación de que estaban no certo, por iso volven preguntar ¿Pódese afirmar se haberá máis sobrecustes nesta obra? Se non resposta xa terán no futuro a resposta.”

9.29.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa a instalación do puntos Puntos Violeta nas festas

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Os chamados Puntos violeta son puntos de atención a vítimas de agresión sexual, LGTBfóbica e calquera outro tipo de agresión machista. Formados por unha equipa experta de profesionais na materia, tamén conta con acompañamento psicolóxico. Entendemos que deben estar situados en puntos estratéxicos das festas, con óptima visibilidade e interacción coa cidadanía e cos profesionais cualificados arriba descritos.

O Concello continuará instalando Puntos Violeta nas festividades e celebracións nocturnas realizadas nas diferentes parroquias. Todos eles terán un horario de atención de 23:00 da noite a 03:00 da madrugada, achamos que debería ser ampliado o horario alén das 3, xa que os intres posteriores (desaloxos) ao remate das festas son momentos dun gran perigo e riscos potenciais. Tamén cren na necesidade de que estean presentes en todas as festas e durante todos os días que duren, por exemplo, nas festas que se celebraron recentemente en Dexo, só se instalou o primeiro día, venres, e non así o sábado e non nos consta que existira na aglomeración de Bastiagueiro en San Xoán. Dende o BNG de Oleiros queren saber ¿Cal é a opinión do goberno local sobre o funcionamento na actualidade destes puntos violeta?; ¿En que se pode mellorar? E ¿Poderanse engadir as novidades arriba achegadas?”

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





CONCELLO DE
OLEIROS

9.30.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa ó campo fútbol do Xabón en Mera

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Recentemente o campo de fútbol do Xabón, onde xogaba os seus partidos o Marino de Mera, que foi substituído a día de hoxe polo novo campo municipal A Marola, en Dexo, foi utilizado para aparcadoiro público co gallo duns concertos na TVG en Mera. Descoñecen as conversas ou encontros de cara ao futuro destas instalacións, máis ó seu grupo gustaríales que no futuro desas históricas instalacións merachas haxa algunha referencia a ese campo mítico instalado na memoria colectiva da cidadanía.

¿A que ten pensado adicar o goberno local o devandito campo de fútbol do Xabón?; ¿Houbo algún contacto coa cidadanía de cara a posibles usos?”

9.31.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa ó estado actual da vivenda nº 27 Rúa Concepción Arenal en Sta. Cruz

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“A vivenda número 27 da rúa Concepción Arenal en Santa Cruz e da súa finca é un dos puntos de paso máis frecuente pola veciñanza. A casa, antiga e baleira desde hai algúns anos, sofre xa un visíbel proceso de deterioración que non só afecta esteticamente a unha das zonas máis céntricas da vila senón que representa un perigo para as persoas viandantes.

Esta vivenda está nun punto onde se estreita moito a beirarrúa e nos últimos tempos xa se desprende algún cascallo da fachada; aí atrás puxérase á venda e ó pouco retiraron os letreiros, descoñecendo se xa foi vendida. Máis, o certo é que segue sen os coidados mínimos mentres segue o seu deterioro, tamén a finca que completa a propiedade está en estado de absoluto descoido, podendo afectar ás fincas veciñas e á vía pública ¿Requiriu xa o Concello ós propietarios para que atendan as súas obrigas e/ou impuxo xa algunha das sancións previstas na norma por este estado de abandono?”

9.32.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa á instalación da ORA no verán

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O alcalde ten dito reiteradamente, que a ORA non ten “afán recadatorio” e o BNG sempre manifestou a necesidade de revisar a actual ordenanza municipal que regula os estacionamento na vía pública coa finalidade de non penalizar economicamente á veciñanza residente nas zonas de Santa Cristina, Santa Cruz e Mera, delimitadas como Zona Azul durante os meses de verán.

Unha solución posible pode ser mediante a edición de tarxetas para residentes, agora o goberno local vai aplicar un sistema de cartóns residenciais para estacionar en Xoez, dado o saturado da zona e as enormes dificultades que para as veciñas supón a invasión de carros. Damos a benvida a esta medida, máis achamos precisas máis. ¿Ten intención o Concello de aplicar o estacionamento só para residentes/veciñas de Oleiros en máis lugares do Concello?”

9.33.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa á xestión na contratación de persoal

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O maior número dos reparos da intervención proveñen da demora na aprobación e publicación da oferta pública de emprego na área de Persoal. Esta situación provoca tamén demora na provisión dos postos de xeito permanente, obrigando a contratar interinidades e mesmo substitución de vacantes sen procedemento de selección das mesmas, necesidade de reforzo da publicidade dos procedementos de provisión de postos de traballo con publicación nalgún boletín oficial.

O seu grupo entende que debe sempre optarse polos preceptivos procedementos de provisión de postos de traballo e non á adscrición directa ¿Vai solucionar o Concello estas “deficiencias” na xestión de Persoal e adaptalas ás recomendacións da Intervención?”





CONCELLO DE
OLEIROS

Unha vez rematada a quenda de presentación tanto de rogos e preguntas formuladas polos grupos políticos municipais o alcalde, D. **Ángel García**, procede a súa contestación tanto dos rogos coma das preguntas.

En canto ós desbroces, dicir que houbo problemas pola avaría importante do tractor que, por certo, está aínda en bo uso e iso retrasou o inicio dos traballos, por certo tamén salienta que a intención municipal é a de mercar outro para este servizo de limpeza de camiños públicos e contar así con dous tractores.

En canto á obra do “Sol y Mar”, dicir que rematou para o tráfico pero quedan unha serie de detalles que a empresa ten que levar adiante e todo o posto de manifesto coñéceo a empresa e ten que rematar eses traballos, tal e como a colocación de “mojóns” na zona de Agramar, ou na rúa do Areal que aínda están realizando traballos nela.

No relativo á fonte de Santa Cristina, ten unha fuga de auga que non se dá localizado e no intre no que se localice arranxarse esta cuestión; sobre a revisión das árbores nos parques e xardíns, por exemplo en Xardín de Nos, Mesón da Auga e Parque dos Veciños, dicir que se fala dunha extensión moi grande de terreo e non se pode ir revisando un a un as árbores, é un traballo que se está a realizar de xeito continuado, existe un responsable de parques e xardíns moi bo e está tódolos días atendendo esta situacións e ó fío disto tamén, púxose de manifesto a situación actual do rincón de Cecilia, unha muller querida e moi apreciada no concello, como persoa e coma médica, que se dedicou durante 30 anos ós nenas e nenos do concello e, incluso, ata era criticada porque lles dedicaba moito tempo a súa atención, non como agora fan moitos médicos nas consultas, é certo que leva un retraso a actuación nesa zona, un área de nenos e nenas, e vanse repoñer os xogos do parchís ou do xadrez, pero son pezas que hai que encargalas especialmente, indubablemente que se arranxará debidamente porque se non, sería unha deshonra para esta persoa e non o vai permitir.

No que atinxe ás preguntas e a respecto do tractor, xa dixo que ían consignar o orzamento necesario para comprar un novo tractor no seguinte documento orzamentario; sobre o tema do arranxo das redes de auga e sanamento levan anos traballando nelas e mellorándoas, é certo que tiveron que cambiar ó xerente da empresa de augas, xa hai un novo desde o día de hoxe e, en certa maneira, por non cumprir os obxectivos que se lle marcaran.

No que atinxe ó tema da polideportiva de Perillo, é certo que existe un punto conflitivo nesa zona, parece que hai un tema de drogas, en todo o concello e, incluso, desgrazadamente en toda España pero se a solución pasa por instalar unha escaleira nesa zona, escapan máis rápido, polo que ás veces esa zona é mellor non tocala e seguir controlándoa coa Policía Local e a Garda Civil porque está localizada e tratando de evitar que haxa alí venda e consumo de droga.

No aparcadoiro do pavillón deportivo de Sta. Cruz, é certo que pouco se pode facer polo crecemento das raíces das árbores, o que haberá é que analizar que tipo de árbore hai que poñer en cada zona...

Sínálase pola voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, que na actualidade existen como cinco ou seis prazas a carón deses árbores e non se poden usar porque está o pavimento totalmente levantado.

Segue a quenda de contestación o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que é un asunto do que teñen coñecemento e verán o xeito de solucionalo; sobre os plans de protección das festas, o concello ten contratada a unha empresa

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





CONCELLO DE
OLEIROS

a confección do plan de auto protección para estas festas que son moi numerosas e que veñen moitos asistentes de todos os lados a ver esas orquestras tan coñecidas e que teñen moitos e moitas seguidoras, non así se realizarán plans de auto protección naquelas festas Como Oleiros ou Nós, que son pequenas, que son as do pobo, porque non teñen tanta dimensión.

Do grupo “Socialista” e en canto ós rogos presentados e sobre a inseguridade viaria na rúa Lamalonga, estudíarano; da limitación de velocidade e pasos de peóns, etc., están facendo un estudo e como viron que o pasó de peóns, sen semáforos, no centro de Sta. Cruz funciona, pois instalárono no alto de Coruxo e verán de aplicalo nos lugares do concello que se poida, como pode ser o semáforo existente no cemiterio de Perillo; en cambio o de Sta. Cristina pensan non tocalo porque é usado por centos de persoas diariamente.

Sobre os temas de memoria democrática, xa o trouxeron non sabe cantas veces e xa se lles contestou...

Neste intre, prodúcese debate entre a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, preguntando ó alcalde se ía facer algo coa inscrición do xugo e as frechas da fonte do Río da Loba, e o alcalde, D. **Ángel García**, contestando que ó que realmente lle molestan son as pintadas existentes; insistindo a primeira en que existe unha lei de memoria de democrática...

Segue contestando os rogos presentados polo grupo “Socialista” o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que a respecto do arranxo do embarcadoiro de Sta. Cristina, debe reparalo é a Xunta de Galicia.

No que atinxe ás preguntas presentadas polo grupo “Socialista”, insisten no mesmo unha e outra vez ó mellor lles parece que por dicilo máis veces van ter a razón...

Neste intre, prodúcese debate entre o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, e o alcalde, D. **Ángel García**, en canto a que o alcalde inicialmente pregunta ó Sr. Fernández ¿Quen o colocou como profesor na Laboral? Ó que lle responde o Sr. Fernández, que unha oposición.

Segue preguntando o alcalde se ten todos os papeis necesarios para impartir docencia na Laboral, ó que lle resposta afirmativamente o concelleiro do grupo “Socialista”, insistindo o alcalde que o colocaron alí por ser do PSOE e non conta cos papeis necesarios, ó que o Sr. Fernández, sinalalle que non debe favores a ninguén e non tolera o que remata de dicir o alcalde, solicitando que conste en acta a difamación realizada...

Neste intre, ante as intervencións da voceira e do concelleiro do grupo “Socialista”, o alcalde fai unha chamada ó orde para que rematen de intervir, engadindo que a ver que dí o xulgado en canto ós informes da concesión da canceira no Concello da Coruña, porque foi adxudicada á terceira mellor oferta, non á que lle correspondía.

Ante isto, o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalalle ó alcalde que iso é unha falacia e demanda que conste en acta.

Insiste o concelleiro “Socialista”, Sr. **Fernández**, que él o que ten é dignidade e non debe nada a ninguén... e ante as intervencións cruzadas entre ambos, o alcalde chama ó orde ó concelleiro “Socialista” por segunda vez engadindo que o único que non ten dignidade é o Sr. Fernández cando fala así dos seus compañeiros...





CONCELLO DE
OLEIROS

Ó seguir intervindo o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sen ter uso da palabra, o alcalde, Sr. **García**, sinálalle ó axente da Policía Local presente no salón de sesións que acompañe ó nomeado concelleiro “Socialista” fóra do salón de sesións, ó que o nomeado concelleiro sinálalle que non é necesario que xa cala, quedando na súa cadeira sen que se chegue a materializar a súa expulsión.

Segue coa quenda de contestación o alcalde, D. **Ángel García**, insistindo en que as cinco preguntas resúmense nunha sobre o mesmo tema sempre, xa levan como dúas sesións plenarias facéndoo, sobre a adxudicación da obra do Multiusos de Bastiagueiro, con insinuacións perversas e mal intencionadas que xa foron contestadas convenientemente nas outras ocasións noutras sesións plenarias pasadas, polo que non engade nada máis.

Con relación ás preguntas e rogos do BNG, dicirlle que os vehículos mal aparcados ás veces consíntense un pouco en certas aglomeracións e eventos, torneos de fútbol, concertos, etc. pero é que nesa instalación como é campo de fútbol dos Regos, hai competición tódolos fins de semana e nunca houbo que multar a ninguén, pero o que non se pode permitir é que ocupen toda a beiravía e existen fotografías do feito impedindo o paso de peóns. Logo din que lles multaron a eles e ós outros non, evidentemente porque impedían o paso de peóns nunhas curvas con moito perigo, como son as que existen a carón da Farmacia nos Regos, polo que non se pode permitir todo.

Abunda sobre o rogo presentado D. **Iván Roca**, voceiro do BNG, sinalando que o achegaban máis para que con motivo destes eventos ou torneos onde se prevé certa aglomeración e máis visitas do habitual, que se tomen medidas preventivas.

Segue coas contestacións o alcalde, D. **Ángel García**, e sobre o tema da rede de na Avda. Salvador Allende, é a Xunta de Galicia quen ten que facelo e, incluso, agora o concello vai renovar toda a rede de auga desde alí ata o antigo campo de fútbol.

No que atinxe á posta en funcionamento das duchas nas praias municipais, cre que están en funcionamento desde o día 15 de xuño, en tódalas praias e respecto ó número de mocións que propoñía no seu rogo, reclamaba a constitución da xunta de voceiros e farano.

Sobre o do PMUS, dicirlle que Oleiros non é A Coruña, aínda así existen moitos tramos de carril-bici no termo municipal, como desde Perillo a Mera, pero aínda non o ven como un tema urxente aquí en Oleiros.

Sobre o tema dos “puntos violeta”, instaláronse en todas as festas e ó fío disto comunicar que non van permitir que as comisións de festas monten “puntos violeta” ó marxe do concello, quen ten a potestade e realiza a xestión é o concello, non as comisións de festas.

O campo de fútbol do Xabón, é unha instalación de máis de 100 anos e onde xogaron os merachos ó fútbol toda a vida, pero desde que existe o novo campo da Marola non se usa como tal. O concello é propietario de parte do campo de fútbol do Xabón, pero existen outros propietarios que o terán que demostrar, aínda que a él cónstalle que sí existen propietarios pero insiste, terán que aportar os documentos necesarios para demostralo, cando estea aclarado este aspecto tomarase unha decisión a respecto do seu futuro destino.





CONCELLO DE
OLEIROS

En canto ó estado da vivenda sita na Rúa Concepción Arenal, o que se fai desde o concello cando existe unha vivenda en mal estado ábrese un expediente, como é este caso e para que procedan a tirala porque está a carón da estrada e con evidente perigo para os que pasen preto dela.

Insiste en que a ORA non ten un afán recadador e volve aclarar que a instalación de zona ORA, por exemplo en Sta. Cruz, está só na fronte á praza Esther Pita ou na zona preto da praia de Naval, no resto do núcleo de Sta. Cruz, en calquera rúa non existe a ORA...

Ante isto, o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, pregunta se está previsto facer noutras zonas o que se fixo en Xoez, ó que lle responde o alcalde, D. **Ángel García**, que quere puntualizar ese tema, porque Xoez non é Sta. Cruz, ó se tratar dun núcleo histórico con rúas que non chegan nin ós tres metros de ancho e o que non poden permitir é que veña a xente á praia de Espiñeiro e lles aparquen diante das vivendas, impedíndolles o acceso ás mesmas, polo que é un trato especial como núcleo histórico, como podería ser tamén o núcleo do mollón en Lorbé, que tamén conta con rúas moi estreitas, pero que non teñen eses problemas porque a praia non está preto, polo que se lles expediu unha tarxeta para que poidan acceder á súa vivenda de xeito doado, só faltaría que aínda que haxa un sinal de prohibido aparcar os veciños desas vivendas non podan facelo e acceder, como xa dixo, ás súas propiedades.

Nos demais lugares onde existe zona ORA, insiste en que son puntuais, na fronte da praia de Sta. Cristina non se molesta a ningún residente, porque as vivendas que hai teñen garaxe propio e pódese aparcar en todas as rúas de toda a contorna da zona de Sta. Cristina, agás como dixo na zona da praia; ou en Bastiagueiro, que si hai ORA, que tampouco se molesta a ningún residente, e facilítase que exista movemento e a xente que queira disfrutar da praia poida ter sitio onde aparcar. Outra cuestión é que agora moitos que veñen á praia de Bastiagueiro van aparcar á urbanización As Galeras, enchéndoa de vehículos, todo por non pagar unha taxa de ORA que non é nada gravosa, 1 € dúas horas, pero asumen que é un asunto que convida á demagogia política, cuestión que non lles preocupa. A respecto dos reparos da intervención municipal á oferta de emprego público, o interventor municipal realiza o seu traballo pero o concello ten un cadro de persoal de preto de 300 traballadores e traballadoras e vanse sacando as prazas, remata agora un proceso de estabilización onde tomaron posesión moitas persoas que levaban anos de interinas e os procesos para ocupar as vacantes vanse desenvolvendo, pero son procesos longos.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 22.00 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en trinta e catro (34) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e prace do alcalde.

